

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 24 de ABRIL de 2015**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 24 de abril de 2015, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

[1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 3/15, do 27 de marzo.](#)

[2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 5.201 á nº 8.000, de 2015.](#)

[3.-Proposición da Presidencia sobre cambio de data do Pleno ordinario do mes de maio.](#)

Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

[4.-Aprobación do convenio coa Asociación de Dano Cerebral Sarela para financiar o proxecto de equipamento e obras \(4ª fase\) da planta alta do Centro Ocupacional, edificio para Centro de Día e ocupacional Sarela.](#)

[5.-Aprobación do convenio coa Asociación de lucha contra enfermidades del riñón de La Coruña \(ALCER\) para financiar o programa de exercicio físico e psicosocial para persoas con enfermidades crónicas e familiares. “Bule con Alcer 2015”.](#)

[6.-Aprobación do convenio coa Fundación Amigos de Galicia para financiar o Plan de cobertura de necesidades básicas das persoas en situación de carencia de recursos económicos da provincia da Coruña.](#)

Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade

[7.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Academia Gallega de Gastronomía para financiar a adquisición de equipamento informático.](#)

[8.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Luis Tilve para financiar o proxecto de investigación, recuperación, conservación e difusión do arquivo histórico da UGT e dos movementos sociais, no ano 2015.](#)

Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo

[9.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña para financiar o proxecto “Plan de competitividade turística. Ano 2015”.](#)

[10.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar o proxecto “Plan de competitividade turística. Ano 2015”.](#)

[11.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Asociación Cultural A Braña de Santiso para financiar o proxecto “Valoración do contorno da igrexa de Belmil e restauración do cruceiro da parroquia de Belmil”.](#)

Comisión de Persoal e Réxime Interior

[12.-Aprobación da segunda fase de promoción interna en desenvolvemento do Plan de emprego 2013-2015. Modificación da relación de postos de traballo 2015.](#)

[13.-Aprobación da modificación do cadro de persoal para 2015.](#)

Comisión de Infraestruturas viarias: vías e obras provinciais

[14.-Aprobación inicial da segunda fase do Plan de travesías da anualidade 2015.](#)

[15.-Aprobación do Plan de sendas peonís 2015, terceira fase.](#)

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

[16.-Aprobación da rectificación do inventario de bens da Deputación da Coruña.](#)

Comisión de Cooperación e Asistencia aos concellos

[17.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ares para o financiamento das obras de “Reforma do edificio municipal para centro socio comunitario”.](#)

[18.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Carral para o financiamento das obras de “Intersección con carril central na N-550 para acceso a IES \(Carral\).](#)

[19.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Coirós para o financiamento das obras de “Mellora seguridade e eficiencia en iluminación pública”.](#)

[20.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Frades para o financiamento das obras de “Camiño da Camposa ao Vilar e Cubelo \(Ledoira\) e outros”.](#)

[21.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Narón para o financiamento das obras de “Centro de dinamización socio-cultural en Pedroso”.](#)

[22.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ordes para o financiamento das obras de “Mellora do firme na estrada de Ordes a Cerceda por Virís entre o P.Q. 6+500 e o límite municipal”.](#)

23.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oza-Cesuras para o financiamento das obras de “Saneamento no lugar de Mondoí”.

24.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello do Pino para o financiamento das obras de “Reforma de vestiarios e aseos de público en campo de fútbol de Reboredo”.

25.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Porto do Son para o financiamento das obras de “Saneamento en Eiravedra, Puilla, Resúa e Loreto”.

26.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santa Comba para o financiamento das obras de “Pavimentación A Choupana-Fontecada-Alón”.

27.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello das Somozas para o financiamento das obras de “Intersección AC-110 entrada As Somozas”.

28.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Toques para o financiamento das obras de “Interior en Prados (Paradela) e outros”.

29.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Tordoia para o financiamento das obras de “Sobreanchos camiño da Balsa-Aboi e outros”.

30.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Pluviais, auga e pavimentación camiño Fontán-Pazos”, do Concello de Sada, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013. Código: 13.2100.0136.0

31.- Aprobación do proxecto modificado da obra “Pavimentación Praza Lavadoiro de Teao”, do Concello de Dodro, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015 co código 15.2100.0072.0 e aprobación definitiva da obra.

32.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cabanas para o financiamento das obras de “Mellora da accesibilidade na Travesía do Batán e no Camiño do Río”.

33.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cerdido para o financiamento das obras de “Melloras en instalacións deportivas e educativas municipais”.

34.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Mesía para o financiamento das obras “Arranxo en polideportivo en Visantón”.

35.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Trazo para o financiamento das obras de “Conservación de camiños en Restande, Berreo, Vilouchada e outras”.

36.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Vedra para o financiamento das obras de “Ampliación da rede de abastecemento á Susana, Nande, Cornado, Matelo e A Torre”.

37.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Biblioteca da Casa Consulado para financiar o Programa de catalogación e informatización de fondos no ano 2015.

38.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela para financiar o proxecto ESTALMAT-Galicia para estímulo do talento matemático na Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2015.

39.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Deportivo Coruña Sport Centre para financiar a realización do Open de Padel Voz de Galicia.

40.-Aprobación do convenio de colaboración coa USC para o financiamento do traballo de investigación denominado: “Aplicación do ICS á actualización do sistema de indicadores de calidade dos servizos municipais e de vida en xeral nos concellos da provincia da Coruña e a análise dos complementos económicos dos índices de cobertura dos servizos municipais” (Fase 2015-2016).

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

41.-Aprobación do Expediente de modificación de créditos núm. 3/2015.

42.-Informe sobre o estado de execución presupostaria a 28.02.2015 e proxección a 31.12.2015.

43.-Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados.

44.-Modificación das bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia.

45.-Modificación da ordenanza fiscal nº 5 reguladora da taxa por prestación de servizos tributarios, apartado d.1) no artigo 6.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓN
ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 24 DE ABRIL DE 2015

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 24 de abril de 2015, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON DIEGO CALVO POUSO	PP
-----------------------	----

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JUAN JOSÉ BLANCO RIVEIRO	BNG
DON JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
DON ANTONIO CAÑÁS VARELA	PP
DON JESÚS MANUEL CAMPOS DÍAZ	PSOE
DON MANUEL COSTA CARNEIRO	PP
DON JOSE DAFONTE VARELA	PP
DON JACOBO FERNÁNDEZ GARCÍA	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DONA MARÍA BEGOÑA FREIRE VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN HERVADA ECHEVARRÍA	PP
DON MARIANO IGLESIAS CASTRO	PSOE
DON JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO	PSOE
DON ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
DON CÉSAR LONGO QUEIJO	PSOE
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP
DON ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SÁNCHEZ	BNG
DONA MARÍEL PADIN FERNÁNDEZ	PP
DON ANTONIO PENSADO PLÁGARO	PP
DON XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
DON MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
DONA ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ	PP
DONA MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO	PSOE
DON MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS	PP
DON MIGUEL DE SANTIAGO BOULLÓN	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DON XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON RAMÓN TOJO LENS	PP
DONA MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE	PSOE

Actúa como secretario, don José Luis Almagro Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e sete minutos, o Sr. secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 3/15, DO 27 DE MARZO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 3/15, do 27 de marzo.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 5.201 Á Nº 8.000 DE 2015.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 5.201 á nº 8.000 de 2015.

3.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE CAMBIO DE DATA DO PLENO ORDINARIO DO MES DE MAIO.

Por unanimidade, ratifícase a inclusión deste punto na orde do día e o Pleno, tamén por unanimidade, acorda:

“Don Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da deputación provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúelle ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación provincial.

Tendo en conta que a eleccións locais se celebrarán o día 24 de maio e que convén rematar, canto antes, as actividades da presente Corporación e preparar a constitución da nova Corporación;

Polo tanto, e como excepción singular do réxime ordinario establecido na sesión do 29 de xullo de 2011,

PROPÓN AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte cos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

A sesión ordinaria do Pleno da Deputación provincial correspondente ao quinto mes de 2015 celebrarase o día 26 de maio, martes, a partir das doce horas”.

4.-APROBACIÓN DO CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE DANO CEREBRAL SARELA PARA FINANCIAR O PROXECTO DE EQUIPAMENTO E OBRAS (4ª FASE) DA PLANTA ALTA DO CENTRO OCUPACIONAL, EDIFICIO PARA CENTRO DE DÍA E OCUPACIONAL SARELA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 9 de abril de 2015.

2.- Aprobar a formalización do convenio de colaboración entre a Excmá. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de dano cerebral SARELA para financiar o *Equipamento e obras (4ª fase) da planta alta do Centro ocupacional. Edificio para Centro de día e ocupacional “SARELA”*, cunha achega da Deputación de **125.000 €**, que supón unha porcentaxe do 69,697% do orzamento subvencionado que é de 179.345,72 €, importe que será aboado conforme ao previsto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio e con cargo á partida 0611/23121/781 do Orzamento vixente.

3.- Aprobar o texto do convenio que se achega.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de dano cerebral SARELA para financiar o “Equipamento e obras (4ª fase) da planta alta do centro ocupacional. Edificio de día e ocupacional SARELA”

A Coruña,

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Excmá. Deputación Provincial da Coruña.

D. José Balboa Ayán, presidente da Asociación de dano cerebral SARELA.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e da Asociación de dano cerebral SARELA, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación de dano cerebral SARELA, (CIF G15775604), para o financiamento dos gastos do “Proxecto de equipamento e obras (4ª fase) da planta alta do centro ocupacional. Edificio para Centro de día e ocupacional SARELA”, tal como aparece definido no proxecto, redactado por D. José Luis Pereiro Alonso, arquitecto.

2.- A Asociación de dano cerebral SARELA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da Lei de contratos do Sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a Asociación de dano cerebral SARELA comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO

O orzamento total da execución da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

* Obra:

Nº CAPÍTULO	DESCRICIÓN	IMPORTE
01	Albanelería	8.740,71 €
02	Enfoscados e xesos	6.144,17 €
03	Teitos	16.822,08 €
04	Pavimentos e revestimentos	23.075,46 €
05	Carpintería	11.810,63 €
06	Fontanería	4.305,56 €
07	Aparatos sanitarios e accesorios	6.937,75 €
08	Electricidade	17.476,58 €
09	Contraincendios	1.772,82 €

10	Climatización	12.197,85 €
11	Voz de datos	1.679,83 €
12	Pintura e vidros	3.466,90 €
13	Xestión de residuos	917,23 €
SUMA CAPÍTULOS		115.347,57 €
I.V.E. 21%		24.222,99 €
TOTAL PRESUPUESTO		139.570,56 €

*** Equipamento:**

Nº	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
1.	Planta soto:	2.352,24 €
1.1.	Almacén: estante	
1.2.	Aseos: dispensadores, dosificadores, contedores, papeleiras,..	903,60 €
2.	Planta baixa:	715,34 €
2.1.	Acceso e vestíbulo:felpudo, percheiro, paragüeiro, papeleira,..	
2.2.	Aseos: dispensadores, dosificadores, contedores, papeleiras,..	887,42 €
2.3	Sala de curas: vitrina, carro, bandexas, padiolas, balanza, mesa, cadeiras,..	5.872,97 €
2.4.	Sala de atención específica: mesas, sillóns, estantes,..	3.951,62 €
2.5.	Sala polivalente: mesas, sillóns, estantes, taquillas,..	14.796.36 €
2.6.	Comedor: mesas, sillóns, aparador, carro,..	5.832,01 €
2.7.	Varios: sillas, sillón, sofás,..	4.463,60 €
TOTAL PRESUPUESTO (IVE 21% incluído)		39.775,16 €

O orzamento total subvencionado, obra máis equipamento, suma un importe de **179.345,72 €**.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras e a adquisición do equipamento, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **125.000 €**, o que representa unha porcentaxe de **69,697%**. A contía restante, ata

acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 69,697%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licencias, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra. A Deputación provincial tamén financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben ou equipamento e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de transporte, nin os posibles honorarios derivados de informes periciais de valoración ou de carácter notarial ou rexistral.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0611/23121/781**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere, en ningún caso, o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle á Asociación de dano cerebral SARELA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. Na súa condición de adquirente, corresponderalle á Asociación de dano cerebral SARELA o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar a dita adquisición con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. Con carácter previo á contratación, a Asociación de dano cerebral SARELA deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos construtores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas, de acordo con criterios de eficiencia e

economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

4. A contratación cos terceiros para a execución total ou parcial das obras realizarase garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a Asociación de dano cerebral SARELA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible, polo menos, a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Nos acordos que se tomen para a adquisición do ben ou equipamento farase constar o importe do financiamento provincial.

4. Adquirido o ben ou equipamento, a Asociación de dano cerebral SARELA deberá colocar un cartel no taboleiro de anuncios do local social ou en calquera outro lugar visible no que figure o anagrama provincial e no que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN

1. A achega da Deputación seralle aboada á Asociación de dano cerebral SARELA a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, a Asociación de dano cerebral SARELA deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Copia do contrato formalizado.
- Certificación de obra subscrita polo técnico colexiado competente e relación valorada.
- Factura expedida polo contratista. No caso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Certificación de aprobación desta polo órgano competente.
- Coa última certificación de obra, deberase achegar acta de recepción e, se procede, a acreditación no Rexistro da Propiedade do ben inmovible con especificación do financiamento obtido e da adscrición do ben á finalidade para a que foi concedida a subvención, polo menos, por un prazo que non poderá ser inferior a cinco anos.

2. Polo que se refire á adquisición do ben ou equipamento, a achega da Deputación seralle aboada á entidade beneficiaria unha vez que se presenten na Deputación os seguintes documentos:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben ou equipamento, expedida polo órgano competente.
- Factura orixinal ou fotocopia compulsada. Sobre o orixinal deste documento deberase estender unha dilixencia na que se faga constar que esta foi presentada como xustificante de gasto para obter unha subvención provincial.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da Asociación de dano cerebral SARELA e acreditación, se procede, da inscrición a prol da entidade no rexistro público correspondente, deixando constancia no asento de inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida, polo menos, por un prazo de cinco anos.

3. Achegaranse ademais os seguintes documentos:

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
- Acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial e a adquisición do ben ou equipamento, tal como se describe na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas e adquirido o equipamento **antes do 30 de xuño de 2015**.

2. Unha vez rematadas as obras e realizada a adquisición, a Asociación de dano cerebral SARELA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, **antes do 30 xullo de 2015**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación de dano cerebral SARELA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación de dano cerebral SARELA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación de dano cerebral SARELA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado

o importe que lle corresponda, a Asociación de dano cerebral SARELA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Asociación de dano cerebral SARELA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Asociación de dano cerebral SARELA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación de dano cerebral SARELA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación de dano cerebral SARELA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración e a lexislación citada anteriormente.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación de dano cerebral SARELA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación de dano cerebral SARELA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación de dano cerebral SARELA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o **día 1 de abril de 2014**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o **día 30 de xullo de 2015**, todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.

2. Para o caso de que a Asociación de dano cerebral SARELA non poida ter rematadas as obras, realizada a adquisición do ben, e presentada a xustificación antes do **día 30 de xullo de 2015**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2015**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Asociación de dano cerebral SARELA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos

informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

5.- APROBACIÓN DO CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE LA CORUÑA (ALCER) PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE EJERCICIO FÍSICO E PSICOSOCIAL PARA PERSOAS CON ENFERMEDADES CRÓNICAS E FAMILIARES. “BULE CON ALCER 2015”.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 9 de abril de 2015.

2.- Aprobar a formalización do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de lucha contra enfermidades del riñón de La Coruña ALCER (NIF: G15058647) para financiar o *Programa de exercicio físico e psicosocial para persoas con enfermidades crónicas e familiares. “Bule con Alcer 2015”*, cunha achega da Deputación de **36.000 €**, que supón unha porcentaxe do 72% do orzamento subvencionado que é de 50.000 €, importe que será aboado conforme ao previsto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio e con cargo á partida 0611/23121/481 do Orzamento vixente.

3.- Aprobar o texto do convenio que se achega.

4.- Subordinar o presente acordo á incorporación do crédito correspondente ao Exercicio de 2016.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de lucha contra enfermidades del riñón de La Coruña ALCER para financiar o Programa de exercicio físico e psicosocial para persoas con enfermidades crónicas e familiares. “Bule con Alcer 2015”

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña,
D. Diego Calvo Pouso, presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña.

D. Rafael Ramón Rodríguez Martínez, presidente da Asociación de lucha contra enfermidades del riñón de La Coruña ALCER

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

A Asociación de lucha contra enfermidades del riñón de La Coruña ALCER ten como fins a atención en procesos de rehabilitación psicosocial e inclusión laboral e social das persoas con discapacidade xerada por doenzas crónicas susceptibles de transplante, así como a execución de actividades culturais, de ocio e deportivas que faciliten a participación e a atención socio-sanitaria do colectivo. Esta asociación desenvolve as súas actividades no ámbito da provincia da Coruña.

É competente a Deputación, para o previsto no convenio, conforme á Lei de bases de réxime Local 7/85, art. 36, e a de Admón. local de Galicia, 5/97, art. 109 a 119, para a colaboración no financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración.

A Deputación ten competencia para colaborar no financiamento de actividades no ámbito socio-sanitario consistentes en aumentar a autonomía, paliar as limitacións ou sufrimentos e facilitar a inserción social de enfermos crónicos (Lei 8/2008 do 10 de xullo de saúde de Galicia), sempre que os ditos servizos os presten entidades de iniciativa social, (sen ánimo de lucro), como é o caso da Asociación de lucha contra enfermidades del riñón de La Coruña ALCER, e suplindo ou completando as competencias das administracións públicas. Neste caso consta a colaboración expresa de varios concellos que fan unha colaboración económica para o resto do cofinanciamento do programa.

Segundo a Lei de servizos sociais 13/2008, art. 62 e 63, os concellos deben colaborar no fomento dos servizos que prestan as entidades de iniciativa social, e a Deputación é competente para dar apoio aos concellos nas prestacións dos servizos sociais. Neste caso está claro o interese provincial da actividade posto que do servizo poderanse beneficiar usuarios/as procedentes e derivados/as dos concellos sinalados no obxecto deste convenio.

Dado o interese coincidente da Deputación e da entidade, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación de lucha contra enfermidades del riñón de La

Coruña ALCER, (NIF: G15058647), para o financiamento do “Programa de exercicio físico e psicosocial para persoas con enfermidades crónicas e familiares. Bule con Alcer 2015”, para promover a actividade física e a interacción social para persoas con enfermidade crónica, á espera de transplantes, transplantadas e aos seus familiares.

O ámbito territorial é a provincia da Coruña e o programa xa se desenvolve en oito zonas: Ferrol, A Coruña, Boiro, Melide, Consorcio das Mariñas (Arteixo e Culleredo), Santiago de Compostela e Ortigueira, e as novas incorporacións de Ares/Mugardos (de forma mancomunada), Teo, Boimorto e Ames, abranguendo así un espazo xeográfico da provincia que vai dende a parte norte (Ortigueira), pasando polo centro (Santiago de Compostela) ata chegar o sur (Boiro).

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE LA CORUÑA (ALCER)

A Asociación de lucha contra enfermidades del riñón de La Coruña ALCER, levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	UNIDADES	IMPORTE
I. Persoal	1.1 Servizos Alcer (técnico psicosocial) 1.2. Técnico Sup. Actividades físico-deportivas 1.3. Monitores actividades físico-deportivas	4.350,08 € 17.400,32 € 19.656,00 €
II. Outros	2.1. Comunicacóns (teléfono, envíos postais, mensaxería, etc.) 2.2. Axudas de custe e desprazamentos de técnicos e monitores 2.3. Gastos xestión 2.4. Material de difusión	1.800,75 € 4.392,85 € 400,00 € 2.000,00 €
TOTAL (IVE incluído)		50.000,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **36.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **72%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **72%** da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **72%**, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0611/23121481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación de lucha contra enfermidades del riñón de La Coruña ALCER obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación de lucha contra enfermidades del riñón de La Coruña ALCER. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación de lucha contra enfermidades del riñón de La Coruña ALCER, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación de lucha contra enfermidades del riñón de La Coruña ALCER deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos (dípticos, carteis, notas de prensa...), radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet (na súa páxina web...), carpa e accesorios, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación de lucha contra enfermidades del riñón de La Coruña ALCER .

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación de lucha contra enfermidades del riñón de La Coruña ALCER, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación de lucha contra enfermidades del riñón de La Coruña ALCER, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos/as usuarios/as atendidos por concello e actividade, e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os/as acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, **realizaranse entre o 1 de xaneiro de 2015 e o 31 de decembro do 2015.**

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación de lucha contra enfermidades del riñón de La Coruña ALCER deberá presentar a xustificación documental antes do **31 de maio de 2016.**

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación de lucha contra enfermidades del riñón de La Coruña ALCER para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación de lucha contra enfermidades del riñón de La Coruña ALCER da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6 das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación de lucha contra enfermidades del riñón de La Coruña ALCER na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación de lucha contra enfermidades del riñón de La Coruña ALCER terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. A Asociación de lucha contra enfermidades del riñón de La Coruña ALCER deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Asociación de lucha contra enfermidades del riñón de La Coruña ALCER destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación de lucha contra enfermidades del riñón de La Coruña ALCER deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación de lucha contra enfermidades del riñón de La Coruña ALCER poderá ser escollida pola Intervención provincial para a

realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación de lucha contra enfermidades del riñón de La Coruña ALCER queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación de lucha contra enfermidades del riñón de La Coruña ALCER serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación de lucha contra enfermidades del riñón de La Coruña ALCER será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación de gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio de 2016**, todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.

2. Para o caso de que a Asociación de lucha contra enfermidades del riñón de La Coruña ALCER non poida ter presentada a xustificación antes do día 31 de maio de 2016, deberá solicitar polo menos dous meses antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2016**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Asociación de lucha contra enfermidades del riñón de La Coruña ALCER perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día de de
E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

6.-APROBACIÓN DO CONVENIO COA FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA PARA FINANCIAR O PLAN DE COBERTURA DE NECESIDADES BÁSICAS DAS PERSOAS EN SITUACIÓN DE CARENCIA DE RECURSOS ECONÓMICOS DA PROVINCIA DA CORUÑA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“**1.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 13 de abril de 2015.

2.- Aprobar a formalización do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Amigos de Galicia para financiar o *Plan de cobertura de necesidades básicas das persoas en situación de carencia de recursos económicos da provincia da Coruña*, cunha achega da Deputación de **28.267,05 €**, que supón unha porcentaxe do 60% do orzamento subvencionado que é de 47.111,76 €, importe que será aboado conforme ao previsto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio e con cargo á partida 0611/23121/481 do Orzamento vixente.

3.- Aprobar o texto do convenio que se achega.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Amigos de Galicia para financiar o *Plan de cobertura de necesidades básicas das persoas en situación de carencia de recursos económicos da provincia da Coruña*.

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña.

D. Miguel Villar Cortoyas, presidente da Fundación Amigos de Galicia.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Que a Fundación Amigos de Galicia é unha entidade comprometida cos máis necesitados que promove mediante o desenvolvemento deste programa, garantir o estado de benestar relacionado coa protección social dos colectivos especialmente vulnerables. Enténdense por colectivos necesitados, as persoas físicas, individuais e familias, cuxa situación de dependencia social e financeira están constatadas. Para iso, facilítanse medios que permiten dar cobertura as súas necesidades básicas da vida cotiá, e os das persoas ao seu cargo.

Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración disposta no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local 7/85 do 2 de abril , art. 36 e coa Lei de admón. local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como co disposto na Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da entidade Fundación Amigos de Galicia, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Fundación Amigos de Galicia, (NIF: G15859911), para financiar o ***Plan de cobertura de necesidades básicas das persoas en situación de carencia de recursos económicos da provincia da Coruña.***

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A Fundación Amigos de Galicia levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Concepto		Importe
Gastos de persoal: e salarios seguridade social	1 técnico de emprego	15.733,52 €
	1 traballador social	17.753,92 €
	1 transportista	13.624,32 €
Total		47.111,76 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **28.267,05 €**, o que representa unha porcentaxe de **60%**. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a Fundación Amigos de Galicia que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o **60%**, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0611/23121/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Amigos de Galicia para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle a Fundación Amigos de Galicia. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas a Fundación Amigos de Galicia, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Amigos de Galicia deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Amigos de Galicia.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Amigos de Galicia unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Amigos de Galicia, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de decembro de 2014 e o 31 de xullo de 2015**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Amigos de Galicia deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de agosto de 2015**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Amigos de Galicia para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Fundación Amigos de Galicia da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Amigos de Galicia na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrara o importe que lle corresponda, a Fundación Amigos de Galicia terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Fundación Amigos de Galicia deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial será determinada por esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Fundación Amigos de Galicia destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Amigos de Galicia deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Amigos de Galicia poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Amigos de Galicia queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imponse no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Amigos de Galicia serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a Fundación Amigos de Galicia será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día **1 de decembro de 2014**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de agosto de 2015**, todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.

2. Para o caso de que a Fundación Amigos de Galicia non poida ter presentada a xustificación antes do día 31 de agosto de 2015, deberá solicitar antes do día **31 de xullo de 2015**, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2015**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Fundación Amigos de Galicia perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e a Fundación Amigos de Galicia, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

7.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ACADEMIA GALLEGA DE GASTRONOMÍA PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO INFORMÁTICO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe.

Así mesmo, exceptuar a limitación establecida na Base 50ª.-5, polo que se refire á porcentaxe de financiamento da actividade, que no presente expediente se fixa no 100% dos gastos.

2.- Concederlle á Academia Gallega de Gastronomía unha subvención nominativa por importe de 1.918,95 €, para financiar a *adquisición de equipamento informático*, cun orzamento de 1.918,95 €.

3.- Aprobar o convenio correspondente á dita subvención, de acordo co texto que se achega.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2016 autorice o correspondente orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Academia Gallega de Gastronomía para financiar a *adquisición de equipamento informático*.

A Coruña,

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. José Antonio Quiroga y Pyñeiro, presidente da Academia Gallega de Gastronomía.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e da Academia Gallega de Gastronomía en colaborar coas actividades desta, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.-

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Academia Gallega de Gastronomía (NIF: Q1500387D), para financiar a **adquisición de equipamento informático**.

II.- Orzamento de gastos da adquisición.-

O orzamento do equipamento informático subvencionado é o seguinte:

Concepto	Prezo
PC sobremesa	648,18
Licenza Windows 8	117,52
Impresora	92,68
Sai	121,65
Teclado, rato	29,75
Portátil	576,13
IVE 21% (base:1.585,91)	333,04
Total	1.918,95 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.-

1.- A Deputación da Coruña contribuirá a financiar a adquisición do equipamento, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **1.918,95 €** o que representa unha porcentaxe do 100% do orzamento de gastos.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe equivalente á cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/333.9/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

IV.- Contratación e execución.-

Na súa condición de adquirente, corresponde á Academia Gallega de Gastronomía o outorgamento dos contratos de compravenda.

Non se poderá contratar a dita adquisición con persoas ou entidades vinculadas á Academia Gallega de Gastronomía, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

V.- Publicidade do financiamento provincial.-

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Academia Gallega de Gastronomía.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.-

A achega da Deputación seralle aboada á Academia Gallega de Gastronomía unha vez que se presente a seguinte documentación:

- . Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben ou equipamento, expedida polo órgano competente.
- . Copia do contrato formalizado, do albará de entrega e da factura. Sobre o orixinal deste documento deberase estender unha dilixencia na que se faga constar que esta foi presentada como xustificante de gasto para obter unha subvención provincial.
- . Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da Academia Gallega de Gastronomía.
- . Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.
- . Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- . Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
- . Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a adquisición e prazo de xustificación.-

1.- A adquisición do equipamento obxecto de financiamento provincial realizarase no prazo máximo de **dous meses** a partir da data de sinatura do convenio.

2.- Unha vez realizada a adquisición, a Academia Gallega de Gastronomía deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo de **dous meses**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Academia Gallega de Gastronomía para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Academia Gallega de Gastronomía da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Academia Gallega de Gastronomía na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Academia Gallega de Gastronomía terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.-

1.- A Academia Gallega de Gastronomía deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida e autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.-

1.- A Academia Gallega de Gastronomía destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 € nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Academia Gallega de Gastronomía deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.-

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Academia Gallega de Gastronomía poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Academia Gallega de Gastronomía queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos

procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.-

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na dita Base, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4.- E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imponse no grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20% da subvención outorgada co límite de 400,00 €; e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30% do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.-

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Academia Gallega de Gastronomía serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Academia Gallega de Gastronomía será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.-

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará aos **catro meses** da súa sinatura e terá efectos retroactivos, polo que a adquisición poderá terse feita dende o 1 de xaneiro de 2015.

2.- Por acordo expreso de ambas as dúas partes, o convenio poderá ser obxecto de modificación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.-

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

8.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN LUIS TILVE PARA FINANCIAR O PROXECTO DE INVESTIGACIÓN, RECUPERACIÓN, CONSERVACIÓN E DIFUSIÓN DO ARQUIVO HISTÓRICO DA UGT E DOS MOVEMENTOS SOCIAIS, NO ANO 2015.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe.

2.- Aprobar o convenio coa Fundación Luís Tilve correspondente á subvención nominativa, por importe de 10.000 €, concedida para o *Proxecto de investigación, recuperación, conservación e difusión do arquivo histórico da UGT e dos movementos sociais, no ano 2015*, cun orzamento subvencionado de 12.500,54 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Luís Tilve para financiar o *Proxecto de investigación, recuperación, conservación e difusión do arquivo histórico da UGT e dos movementos sociais, no ano 2015*”.

A Coruña,

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

D. Jesús Mosquera Sueiro, presidente da Fundación Luís Tilve.

Ambas as dúas partes, no nome e na representación que teñen e coa capacidade legal para este acto

EXPOÑEN

1.- A Fundación Luís Tilve é unha institución co carácter de fundación cultural privada, constituída en Santiago de Compostela o día 9 de outubro de 1989, que foi declarada de interese galego por Orde do 1 de abril de 1991, da Xunta de Galicia.

2.- A Fundación Luís Tilve é a depositaria do arquivo histórico e documental da UGT Galicia, que lle cedeu a xestión do arquivo, así como a custodia, ordenación e mantemento dos seus fondos.

A Fundación creou o *Arquivo Histórico do Movemento Obreiro*, que forma parte da rede de Arquivos de Galicia e da Rede de Arquivos da UGT e a *Biblioteca Especializada no Mundo do Traballo*, integrada na rede de Bibliotecas de Galicia.

3.- Ambas as dúas partes recoñecen o interese e valor histórico dos fondos documentais referentes aos movementos sociais en Galicia depositados nos arquivos de sindicatos e outros organismos públicos ou privados.

4.- Que os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia atribúelle ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura. Asemade, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

5.- En base ás razóns sinaladas, a Deputación da Coruña vén de financiar o proxecto, mediante os correspondentes convenios de colaboración asinados a partir do ano 2004.

Nestes anos, a Fundación organizou un arquivo que cumpre coas mellores condicións marcadas pola arquivística, organizou unha biblioteca especializada no mundo obreiro e laboral de gran calidade, compilou material documental en risco de desaparecer e

unha gran cantidade de actividades de investigación que axudan a coñecer e comprender o noso pasado.

6.- Neste ano continuarase co labor de clasificación e catalogación de novas obras monográficas e de revistas, xornais e folletos; tratamento de fondos arquivísticos; atención aos usuarios; difusión do material catalogado a través de programas informáticos; fomentar a formación de técnicos en arquivística e biblioteconomía, etc.

7.- En relación ás bases indicadas subscríbese o presente convenio de colaboración, no que se determinan as actuacións que se levarán a cabo para recuperar e conservar o patrimonio documental referente aos movementos sociais en Galicia, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Luís Tilve (NIF: G15169949) para financiar o ***Proxecto de investigación, recuperación, conservación e difusión do arquivo histórico da UGT e dos movementos sociais, no ano 2015***, no que se desenvolverán os seguintes traballos:

Traballos na Biblioteca Especializada:

- * Catalogación de obras monográficas e seriadas ingresadas durante o ano ou pendentes, introducindo a dita catalogación na base de datos de xestión de bibliotecas (Meiga), da Rede de Bibliotecas da Xunta de Galicia.

- * Catalogación e descrición de audiovisuais.

- * Integración dos descritores nas TIC, a fin de facilitar o acceso dos investigadores, estudantes e cidadáns en xeral, aos fondos e servizos da Biblioteca.

- * Formación do alumnado universitario en base ao convenio asinado coa Universidade de Santiago de Compostela para a realización das Prácticas Académicas Externas, coas que adquirirán experiencia para ser futuros bibliotecarios.

Traballos no Arquivo Histórico:

- * Recuperación de nova documentación ou material documental en calquera formato, que poida estar en mans particulares.

- * Realización de copia da documentación que non queira ser doada ou cedida, e que teña valor para o Arquivo.

- * Traballos administrativos diarios no arquivo, actualizar os seus servizos aos usuarios e integración da nova documentación dixital no Sistema de Xestión Documental Informatizada.

* Formación de alumnos universitarios coa finalidade de que teñan experiencia para desenvolver futuras tarefas como arquivistas e coñecementos técnicos adaptados aos sistemas utilizados polas administracións galegas, a través do programa de Prácticas Académicas Externas da Universidade de Santiago de Compostela.

* Tratamento arquivístico dos fondos persoais doados ao longo do ano 2014: identificación do material, clasificación en base ao Cadro de Clasificación, descrición dos expedientes e localización dos expedientes no Depósito.

Atención de usuarios:

* Atención e servizo a investigadores, historiadores, estudantes e público en xeral que precisen de información, consulta ou copia dos materiais postos á súa disposición, no arquivo e na biblioteca.

* Revisión diaria da páxina web.

* Colaboración con outras entidades (asociacións, universidades, fundacións, administración, etc.) para unha mellor consecución dos obxectivos.

* Realización de melloras técnicas e mecánicas para mellorar o servizo.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realiza a entidade beneficiaria.

A Fundación Luís Tilve desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Persoal técnico e administrativo	11.355,54.-
Materiais funxibles e específicos	545,00.-
Gastos de desprazamento	600,00.-
Total	12.500,54 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **10.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **79,997 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,997 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/334.1/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Luís Tilve obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Luís Tilve.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Fundación Luís Tilve, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Luís Tilve deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaía sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Luís Tilve.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Luís Tilve unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Luís Tilve, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración da presidencia da entidade sobre outras subvencións solicitadas e/ou concedidas por entidades públicas e/ou privadas para o mesmo obxecto ou, no seu caso, declaración da inexistencia doutras subvencións.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Luís Tilve deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2016**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Luís Tilve para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación

aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Luís Tilve da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª 6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Luís Tilve na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Fundación Luís Tilve terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Fundación Luís Tilve deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinará esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Fundación Luís Tilve destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Luís Tilve deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Luís Tilve poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas

as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Luís Tilve queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª 6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o retraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o retraso non excede de tres meses; se o retraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Luís Tilve serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos

datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Luís Tilve será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2016** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2015.

2.- Previa solicitude da Fundación Luís Tilve, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

9.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA PARA FINANCIAR O PROXECTO “PLAN DE COMPETITIVIDADE TURÍSTICA. ANO 2015”.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 10 de abril de 2015.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrência competitiva.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA, CIF Q6550029J para financiar o proxecto “Plan de Competitividade Turística. Ano 2015”.

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 105.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80%.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/432.1/467.01.
.

6º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D^a. M^a Luisa Cid Castro, con DNI núm. 32815401J, en representación do CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA

Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA consideran de grande interese para a provincia promocionar e dinamizar campañas de comercialización en liña, para a Semana Santa, festas de San Xoán, concurso de tapas Picadillo.... Así como aquelas accións promocionais dirixidas a diferentes segmentos turísticos, que responden a un esquema de actuación de información e promoción da actividade turística, en beneficio do interese xeral e do desenvolvemento socio-económicos deste importante ámbito de actividade. A vinculación da cidade e a provincia a este plan e a súa execución, contribúe ao coñecemento e consolidación da cidade e a provincia, como destino de calidade.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA**, CIF Q6550029J, para o financiamento do proxecto “*Plan de competitividade turística. Ano 2015*”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACCÍONS DE PROMOCIÓN E DINAMIZACIÓN	
Concurso de Tapas Picadillo Contratación mediante procedemento negociado con publicidade do servizo de deseño, execución e organización do XII Concurso de Tapas Picadillo	50.000,00 €
Campañas de comercialización en liña– Semana Santa Creación de oferta, publicidade en liña e posicionamento	13.000,00 €
Campañas de comercialización en liña – San Xoán Creación de oferta, publicidade en liña e posicionamento	17.000,00 €
Chocoruña, Cascarilla e Chocolate Organización de actividades e talleres gastronómicos relacionados co uso do chocolate e da cascarilla	30.000,00 €
Accións de promoción a segmentos de interese Contratación de desenvolvemento e xestión de campañas promocionais	21.250,00 €
TOTAL	131.250,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 105.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/432.1/467.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas ao CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA, unha vez que se presente a seguinte documentación:

Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención

neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun

control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de marzo do ano 2016**, sempre e cando exista crédito para tal fin.
2. Para o caso de que o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 1 de febreiro de 2016**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio creárase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DA CORUÑA, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ____ de ____ de ____

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O representante do
CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS
DA CORUÑA

DON DIEGO CALVO POUSO”

10.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR O PROXECTO “PLAN DE COMPETITIVIDADE TURÍSTICA. ANO 2015”.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 08 de abril de 2015.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrência competitiva.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela CIF P1507900G para financiar o proxecto “Plan de competitividade turística. Ano 2015”.

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 115.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/432.1/462.01.

6º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a
CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. , con DNI núm. , en representación do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA consideran de grande interese para a provincia promocionar a cidade de Santiago xa que é o destino final do Camiño de Santiago e o destino máis visitado da Comunidade Autónoma de Galicia. As accións recollidas dentro do Plan de competitividade turística engloba accións de promoción, accións de atención e acollida ao visitante, turismo gastronómico, accións de comunicación e espazo web e a realización de estudos de demanda turística, que se encadran dentro dos servizos mínimos a prestar polos municipios turísticos.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**, CIF P1507900G, que actuará na súa xestión a través da empresa municipal de Información e Comunicación Local S.A. (INCOLSA) para o financiamento do "Plan de competitividade turística. Ano 2015".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

ÁREA	PROGRAMA	IMPORTE
PROMOCIÓN	Feiras de turismo, presentación, workshops e outras accións de promoción	24.550,00 €
	Redes de promoción	9.500,00 €
ACOLLIDA E ATENCIÓN AO VISITANTE	Reforzo de información turística	50.000,00 €
SCFC	I+P Ideas para producir	4.000,00 €
	CINEPOSIUM	1.300,00 €
TURISMO GASTRONÓMICO	Eventos gastronómicos	15.756,54 €
ACCÍONS DE COMUNICACIÓN E ESPAZO WEB	Portal web (Edición de contidos, aloxamento, mantemento...)	26.500,00 €
	Outras accións de comunicación	3.500,00 €
ESTUDOS DE DEMANDA TURÍSTICA	Recollida, análise e tratamento de datos	8.643,46 €
TOTAL		143.750,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 115.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/432.1/462.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, unha vez que se presente a seguinte documentación:

Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas

neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinará esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos

fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de marzo do ano 2016**, sempre e cando exista crédito para tal fin.
2. Para o caso de que o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 1 de febreiro de 2016**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ____ de ____ de ____

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
DON DIEGO CALVO POUSO”
O representante do
CONCELLO DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA

11.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN CULTURAL A BRAÑA DE SANTISO PARA FINANCIAR O PROXECTO “VALORACIÓN DO CONTORNO DA IGREXA DE BELMIL E RESTAURACIÓN DO CRUCEIRO DA PARROQUIA DE BELMIL”.

INTERVENCÍONS

Sr. Requeira Varela

Bos días, visto o informe da Intervención, anunciamos a nosa abstención neste punto porque realmente non quedan claros varios aspectos deste convenio, sobre todo no que se refire á documentación que ten que achegar a entidade asociativa destinataria do proxecto. En todo caso, aproveitamos tamén para anunciar a nosa abstención tamén nos puntos 12 e 13, mantendo a coherencia que viñamos mantendo coa política de persoal desta administración durante este mandato.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP e PSOE e a abstención do BNG, acorda:

“1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 10 de abril de 2015.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrência competitiva.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural A Braña de Santiso CIF

G15976657 para financiar o proxecto “*Valoración do contorno da igrexa de Belmil e restauración do cruceiro da parroquia de Belmil*”.

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 19.485,67 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 30,986%.

5.-º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/3339/781.

6.-º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN CULTURAL A BRAÑA DE SANTISO

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte Don Ovidio Leiva Pereiro, con DNI núm. 34556520D, en representación da ASOCIACIÓN CULTURAL A BRAÑA DE SANTISO

Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN CULTURAL A BRAÑA DE SANTISO consideran de grande interese para a provincia poñer en valor elementos patrimoniais importantes que se atopan nun estado deplorable e ruinoso, como é o caso do entorno da igrexa de Belmil, con risco de que os muros e o cruceiro acaben caendo, xa que neste último os seus elementos están torcidos.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACIÓN CULTURAL A BRAÑA DE SANTISO, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **ASOCIACIÓN CULTURAL A BRAÑA DE SANTISO, CIF G15976657**, para o financiamento da/do “*Valoración do contorno da igrexa de Belmil e restauración do cruceiro da parroquia de Belmil*”, tal como aparece definida esta no proxecto (básico ou de execución), redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Javier López López.

2. A **ASOCIACIÓN CULTURAL A BRAÑA DE SANTISO**, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a **ASOCIACIÓN CULTURAL A BRAÑA DE SANTISO**, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

VALORIZACIÓN DO CONTORNO DA IGREXA DE BELMIL

Presuposto de execución material 47.671,14

Imposto sobre o valor engadido (21%) 10.010,94

Presuposto 57.682,08 €

RESTAURACIÓN DO CRUCEIRO DA PARROQUIA DE BELMIL

Presuposto de execución material 4.300,00

Imposto sobre o valor engadido (21%) 903,00

Presuposto 5.203,00 €

TOTAL 62.885,08 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 19.485,67 €, o que representa unha porcentaxe de 30,986%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 30,986%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licencias, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3339/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN CULTURAL A BRAÑA DE SANTISO obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co

da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle á ASOCIACIÓN CULTURAL A BRAÑA DE SANTISO o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. A contratación cos terceiros para a execución total ou parcial das obras realizarase garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

No procedemento de contratación deberá participar un funcionario provincial, designado polo presidente da Corporación, que formará parte da Comisión técnica que avalíe as ofertas dos licitadores.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a ASOCIACIÓN CULTURAL A BRAÑA DE SANTISO estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN CULTURAL A BRAÑA DE SANTISO a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, a ASOCIACIÓN CULTURAL A BRAÑA DE SANTISO deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

Copia do contrato e do expediente de contratación

Certificación de obra subscrita polo técnico-director e polo contratista.

Factura expedida polo contratista. No caso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña

Certificación de aprobación desta polo órgano competente.

Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase aportar acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso) e

da inscrición de nota marxinal no Rexistro da propiedade na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmovible á finalidade para a que foi concedida a subvención polo menos por un prazo de DEZ anos.

A ASOCIACIÓN CULTURAL A BRAÑA DE SANTISO deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as obras, a ASOCIACIÓN CULTURAL A BRAÑA DE SANTISO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN CULTURAL A BRAÑA DE SANTISO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN CULTURAL A BRAÑA DE SANTISO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN CULTURAL A BRAÑA DE SANTISO na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN CULTURAL A BRAÑA DE SANTISO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

A ASOCIACIÓN CULTURAL A BRAÑA DE SANTISO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ASOCIACIÓN CULTURAL A BRAÑA DE SANTISO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN CULTURAL A BRAÑA DE SANTISO deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN CULTURAL A BRAÑA DE SANTISO poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración e a lexislación citada anteriormente.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN CULTURAL A BRAÑA DE SANTISO queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN CULTURAL A BRAÑA DE SANTISO serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN CULTURAL A BRAÑA DE SANTISO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de abril de 2014 ata o 31 de marzo de 2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de outubro do ano 2015**.
2. Para o caso de que a ASOCIACIÓN CULTURAL A BRAÑA DE SANTISO non poida ter rematada a OBRA e presentada a xustificación **antes do día 1 de setembro de 2015**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOCIACIÓN CULTURAL A BRAÑA DE SANTISO perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por
E, en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O representante da
ASOCIACIÓN CULTURAL A BRAÑA DE
SANTISO

DON DIEGO CALVO POUSO”

12.-APROBACIÓN DA SEGUNDA FASE DE PROMOCIÓN INTERNA EN DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE EMPREGO 2013-2015. MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO 2015.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP e PSOE e a abstención do BNG, acorda:

“Visto o expediente 2014/15093P, relativo á aprobación da 2ª Fase da Promoción Interna en desenvolvemento do Plan de Emprego 2013-2015, modificación da Relación de Postos de Trabajo 2015, no que se acreditan os seguintes

I.- ANTECEDENTES

I.1.- O Pleno da Corporación, na súa sesión do 31 de maio de 2013, aprobou o “Acordo de Planificación Estratéxica 2013-2015”, que, entre outros aspectos, aprobou o Plan de Emprego 2013-2015 que contén entre outras medidas de racionalización de efectivos a promoción interna, como medida concreta de planificación dos recursos

humanos e co obxectivo da consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles para acadar así unha “modernización e maior rendibilización do potencial dos recursos humanos da deputación... nun marco de aforro e estabilidade orzamentaria”.

I.2.- En execución do referido Plan de Emprego 2013-2015, e rematada a segunda fase da promoción interna e da consolidación de emprego temporal, de acordo co establecido no propio Plan de Emprego, procede realizar as creacións e transformacións necesarias para cubrir os postos obxecto das tales promoción e consolidación, levándoo a efecto mediante a Relación de Postos de Traballo, tal e como tamén se realizou coa primeira fase da execución do dito Plan de Emprego.

I.3.- Aos efectos, terán que terse en conta, ademais dos postos dos que son titulares as persoas funcionarias aprobadas no proceso de promoción interna, as que tamén resultaron aprobadas e se encontran na situación de excedencia voluntaria e por incompatibilidade, toda vez que, de conformidade coa legalidade vixente, a súa toma de posesión non supón en ningún caso incorporación de persoal externo, nin, en consecuencia, incremento de efectivos.

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

II.1.- Artigos 74 da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), relativo aos obxectivos e instrumentos da planificación de recursos humanos, e 14 e 18 en canto establecen o dereito á promoción interna dos funcionarios públicos, en relación cos artigos 31, 63 e 64 do Decreto Legislativo 1/2008, Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia (TRLFPG), que regulan a posibilidade de establecer medidas específicas de promoción interna nos plans de emprego e o dereito á tal promoción interna do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

II.2.- Artigos 90 da Lei 7/1985, de Bases do Réxime Local, e 126 do Real Decreto Legislativo 781/1986, Texto Refundido das disposicións legais vixentes do Réxime Local, referentes aos cadros de persoal e ás relacións de postos de traballo.

II.3.- Artigos 89 da devandita Lei 7/2007 e 57 e 61 do tamén referido Decreto Legislativo 1/2008 de Galicia, relativos ás situacións de excedencia e ao reingreso das persoas funcionarias que non teñan reserva de praza.

II.4.- Artigo 63.3 do repetido Decreto Legislativo 1/2008 de Galicia, en canto establece o dereito das persoas aspirantes que superen o proceso selectivo de promoción interna a ocupar os postos que viñesen desempeñando con carácter definitivo cando estean incluídos no intervalo de niveis e no grupo ao que accedan.

II.5.- Artigo 20 da Lei 36/2014, de Orzamentos Xerais do Estado para 2015, en canto prohibe os incrementos retributivos do persoal do sector público (número Dous). Neste caso, non se produce incremento da suma agregada de todos os gastos de persoal ou masa salarial, ao tratarse de promoción interna e non incrementarse o número de efectivos, nin tampouco da suma agregada de todos os gastos de persoal ou masa salarial, tendo en conta que figura no Orzamento Xeral da Deputación do dito ano 2015 contía suficiente na aplicación orzamentaria específica para a finalidade da que se trata (0710/929/120.09).

Vistos os informes emitidos e de conformidade coa normativa legal citada:

1º.- Finalizar a execución da segunda fase da promoción interna dentro do Plan de Emprego 2013-2015, mediante a modificación na Relación de Postos de Traballo 2015 pola creación e transformación necesarias dos postos que deseguido se indican:

- Transformar 9 prazas de Técnico de Xestión de Administración Xeral (A2) en 9 prazas de Técnico de Administración Xeral (A1) e transformar dous postos base de Técnico de Xestión de Administración Xeral (A2/21) (código 1.1.178.1 e 1.1.178.2) en dous postos base de Técnico de Administración Xeral (A1/22).
- Transformar 14 prazas de Técnico de Xestión Económico Financeiro (A2), 14 prazas de Técnicos de Xestión Tributaria (A2), 2 prazas de Técnico de Xestión de Administración Especial (A2) e 1 praza de Asesor de Sistemas de Xestión Municipal (A2) en 31 prazas de Técnico de Xestión Financeiro Tributario (A1) da Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Técnicos Superiores.
- Transformar 6 postos base de Técnico de Xestión Tributaria (A2/21), 1 posto base de Técnico de Xestión Económico financeira (A1/22), 1 posto de Técnico de Xestión de Administración Especial e 1 posto de Asesor Técnico en 9 postos base de Técnico Financeiro Tributario (A1/22).
- Transformar 3 prazas de Profesor de Música-Pianista (A2) en 3 prazas de Profesor de Música-Pianista (A1).
- Transformar 5 prazas de Profesor de Danza (A2) en 5 prazas de Profesor de Danza (A1).

As correspondentes adecuacións retributivas realizaranse con cargo á aplicación orzamentaria 0710/929/120.09, segundo recolle a Base 42.3 das de Execución do Orzamento vixente.

2º.- Aprobar, en consecuencia, a seguinte modificación da Relación de Postos de Traballo 2015 desta Deputación provincial:

MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO 2015

POSTO	NIVEL	GRUPO/ SUBG.	DOT.	TP	F. PROV.	ADM.	ESC.	TIT.	FORMACIÓN ESPECÍFICA	OBSERV.	C. ESPECÍFICO TOTAL 2015
SECRETARÍA XERAL											
SERVIZO DE CONTRATACIÓN											
Técnico administración xeral	22	A1	1	N	C		A X	1			8.558,20
Técnico de xestión de admón. xeral	21	A2	1	N	C		A X	9			7.743,68
INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO											

FINANCEIRA							
SERVIZO DE CONTABILIDADE							
Técnico financeiro tributario	22	A1	1	N	C	A E	1 8.558,20
SERVIZO DE ORZAMENTOS, ESTUDOS E ASISTENCIA ECONÓMICA							
Técnico financeiro tributario	22	A1	1	N	C	A E	1 8.558,20
Técnico de xestión de admón. especial	21	A2	1	S	C	A E	9 7.743,68
TESOURERÍA E XESTIÓN DE TRIBUTOS							
TESOURERÍA							
INSPECCIÓN							
Técnico financeiro tributario	22	A1	1	N	C	A E	1 8.558,20
Técnico de xestión tributaria	21	A2	2	N	C	A E	2 7.743,68
SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA							
Técnico financeiro tributario	22	A1	4	N	C	A E	1 8.558,20
Técnico de xestión tributaria	21	A2	3	N	C	A E	2 7.743,68
ZONAS RECADATORIAS							
ZONA 3							
Técnico financeiro tributario	22	A1	1	N	C	A E	1 8.558,20
Técnico de xestión tributaria	21	A2	1	N	C	A E	2 7.743,68
ÁREA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE							
SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E MEDIO AMBIENTE							
Técnico financeiro tributario	22	A1	1	N	C	A E	1 8.558,20
ÁREA DE SERVIZOS PROVINCIAIS							
SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES							
Técnico administración xeral	22	A1	1	N	C	A X	1 8.558,20

3º.- O presente acordo cumpre cos requisitos establecidos na vixente Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2014, arts. 20 e seguintes, en canto non supón ningún incremento retributivo nin de efectivos, en termos de homoxeneidade, así como tampouco en canto ás masas retributiva e salarial.”

13.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL PARA 2015.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP e PSOE e a abstención do BNG, acorda:

“Visto o expediente 2015/15093P-2, relativo á modificación do Cadro de Persoal desta Deputación para 2015, no que se acreditan os seguintes

I.- ANTECEDENTES

I.1.- O Cadro de Persoal como a relación das prazas asignadas a cada unha das Escalas, Subescalas, Clases e Categorías, ten conexión e dependencia directa da Relación de Postos de Traballo.

I.2.- As modificacións da Relación de Postos de Traballo, supoñen a necesidade de adecuar o Cadro de Persoal ás tales modificacións, aínda que non supoñan modificación orzamentaria.

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

II.1.- Artigos 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, en relación cos 126 e 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local.

II.2.- A xurisprudencia ten establecido a dependencia do Cadro de Persoal da correspondente Relación de Postos de Traballo, así como a non obrigatoriedade da negociación colectiva polo que se refire á aprobación e/ou modificación do Cadro de Persoal (por todas, a Sentenza do Tribunal Supremo do 9 de abril de 2014, Sala 3ª do Contencioso-Administrativo, Sección 7ª, e as que nela se citan do dito Tribunal).

Vistos os informes emitidos e de conformidade coa normativa legal e a xurisprudencia citada:

Aprobar inicialmente a modificación do Cadro de Persoal para o ano 2015, para a súa adecuación coa relación de postos de traballo, dispoñendo a súa exposición ao público mediante o correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de reclamacións, segundo o disposto no artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e demais normativa complementaria e de desenvolvemento. De non producirse reclamacións durante o dito prazo, o Cadro de Persoal quedará definitivamente aprobado, de acordo co disposto no artigo 20.1 do Real Decreto 500/1986, en relación co 126.3 do Real Decreto Lexislativo 781/1986:

	CADRO DE PERSOAL 2015			
	DENOMINACIÓN	SUBGRUPO	Nº PRAZAS	OBSERV.
ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL				
SUBESCALAS				
	Técnica	A1	39	1 (*)
	Xestión	A2	16	
ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL				
SUBESCALA TÉCNICA				
CLASE TÉCNICOS SUPERIORES				
	Profesor/a de música pianista	A1	3	
	Profesor/a de danza	A1	5	
	Técnico financeiro tributario	A1	32	
CLASE TÉCNICOS DE GRAO MEDIO				
	Profesor/a de música pianista	A2	2	
	Profesor/a de danza	A2	1	
	Técnicos de xestión económico-financeira	A2	3	
	Técnicos de xestión tributaria	A2	16	
	Asesor de sistemas de xestión municipal	A2	1	
	Técnico de xestión de administración especial	A2	1	

* = ocupada por persoal laboral"

14.- APROBACIÓN INICIAL DA SEGUNDA FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS DA ANUALIDADE 2015.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Vista a proposta de inclusión no Plan de travesías da anualidade 2015 dos proxectos de obra que máis abaixo se relacionan, no marco das Bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015, aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión celebrada o 26 de outubro de 2012 (BOP número 217 do 14 de novembro de 2012).

1.- Aprobar inicialmente a segunda fase do Plan de travesías da anualidade 2015, integrada polas obras que se relacionan a continuación, con indicación da súa denominación e presuposto:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO
2015.1130.0003.0	Mellora da seguridade vial na DP 3903 Tarreo do Blanco a Vilamateo por Ambroa, PK 6+69 ao 7+17	Vilarmaior	221.841,51
2015.1130.0004.0	Humanización travesía da Serra e San Cosme (DP 5604 e DP 6203)	Outes	249.980,81
TOTAL			471.822,32

O financiamento deste plan realizarase con cargo á partida 0410/4533/60900 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2015.

2.- Remitir un exemplar dos citados proxectos aos concellos correspondentes no prazo de 5 días contados desde a aprobación inicial da correspondente fase do Plan de travesías, co obxecto de que os concellos envíen á Deputación no prazo de 40 días naturais contados desde a data de recepción do proxecto, a documentación sinalada na base 3.2 das de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se inclúan nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015”.

15.- APROBACIÓN DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2015, TERCEIRA FASE.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o Plan de sendas peonís 2015, terceira fase, integrado polas obras que se indican a continuación, co detalle da súa denominación e presuposto:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO
15.1170.0004.0	Senda peonil na DP 6601 dende Outeiro ata a N-634	O Pino	254.426,02
15.1170.0005.0	Seguridade vial. Senda peonil na DP 3204 entre a Rúa Monolito e Fonte Camba	Vilasantar	95.750,00
TOTAL			350.176,02

O financiamento dos proxectos incluídos neste plan realizarase con cargo á partida 0410/4535/60900 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2015.

2.- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días hábiles poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o citado prazo sen que se presente ningunha alegación.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.”

16.-APROBACIÓN DA RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

- “1. Aprobar a rectificación do inventario de bens da Deputación da Coruña.
2. Remitir unha copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, en cumprimento do establecido no artigo 32.1 do Regulamento de Bens.”

17.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARES PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “REFORMA DO EDIFICIO MUNICIPAL PARA CENTRO SOCIO COMUNITARIO”.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

- “1.-Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.
- 2.-Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Ares para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Ares
DENOMINACIÓN DA OBRA	Reforma do edificio municipal para centro socio comunitario
PRESUPOSTO DO PROXECTO	105.846,73 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	84.677,38 €
ACHEGA DO CONCELLO	21.169,35 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80,00000 %
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/337/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/337/76201 do orzamento provincial para o ano 2015. A aprobación deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 2/2015 no que se consigne crédito suficiente para o seu financiamento.

Dado que a vixencia deste convenio se estendes a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARES PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS “REFORMA DO EDIFICIO MUNICIPAL PARA CENTRO SOCIO COMUNITARIO”

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, o alcalde presidente do Concello de Ares, Julio Iglesias Redondo
Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estánlles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Ares ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ares con CIF P1500400E, para o financiamento da obra de “REFORMA DO EDIFICIO MUNICIPAL PARA CENTRO SOCIO COMUNITARIO” tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polos arquitectos NICOLÁS CASTELO PÉREZ e LUIS F. CABEZAS TORRELO

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada

e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	73.509,78
Gastos xerais (13%)	9.556,27
Beneficio industrial (6%)	4.410,59
IVE (21%)	18.370,09
Orzamento de contrata	105.846,73

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 84.677,38 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00000 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos do concello, acreditando a ENTIDADE BENEFICIARIA que consignou o crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/337/76201 do orzamento provincial para o ano 2015. A aprobación deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 2/2015 no que se consigne crédito suficiente para o seu financiamento. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

Despois dos informes da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización e previo ditame da Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade.

ANEXO

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela para financiar o *Proxecto ESTALMAT-Galicia para estímulo do talento matemático na Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2015*.

Na Coruña a

REÚNENSE

Don Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Don Xan Manuel Viaño Rey, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, (en diante, a USC), e

MANIFESTAN

Que a USC, a través da súa Facultade de Matemáticas, desenvolve un intenso labor en todos aqueles aspectos do ámbito sociocultural que se relacionen coas matemáticas, o que se concreta, entre outros proxectos, na posta en marcha na Comunidade Autónoma de Galicia do denominado “Proxecto ESTALMAT-Galicia”, como parte do Proxecto ESTALMAT en España, que, con óptimos resultados, ten como obxectivo principal detectar, orientar e estimular, de maneira continuada, o talento matemático en alumnos entre os 12 e os 16 anos.

Que o funcionamento básico do Proxecto ESTALMAT, avalado cientificamente pola Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas y Naturales, consiste en seleccionar 25 alumnos cada ano, mediante unhas probas que pretenden detectar aptitudes matemáticas avanzadas, e impartirlles clases, e outras actividades adaptadas ao desenvolvemento do seu talento. Estas clases impártense nas mañás dos sábados durante dous cursos académicos, na Facultade de Matemáticas da USC; unha vez rematados os dous cursos do compromiso inicial, nas primeiras convocatorias ofertáronse dous cursos máis de seis sesións cada un e actualmente hai un curso de terceiro con doce sesións.

Que o desenvolvemento do Proxecto ESTALMAT-Galicia está a cargo dun comité organizador composto por once profesores, que preside o catedrático de Matemática Aplicada da Facultade de Matemáticas e reitor da USC, Xan Manuel Viaño Rey, e dun equipo docente integrado por 48 profesores, todos eles profesores de matemáticas con docencia en centros de ensino de distintos niveis en toda Galicia ou nalgunha das tres universidades galegas.

Que a Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos o fomento da educación e a programación e subvención das actividades culturais, artísticas e científicas, en colaboración con outras entidades e organismos, para contribuír de maneira sostible ao avance do coñecemento e o benestar social.

Tendo en conta as anteriores consideracións, a Deputación da Coruña está interesada en colaborar coa USC no proxecto Estalmat-Galicia no ano 2015, como xa vén facendo nos anos anteriores.

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecentes outorgan neste acto o presente convenio de colaboración, e acordan formalizar o presente convenio que se rexe polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela (NIF: Q1518001A) para financiar parcialmente os gastos derivados do ***Proxecto ESTALMAT-Galicia para estímulo do talento matemático na Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2015.***

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A USC desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

1. Viaxes e aloxamentos

Desprazamentos profesores e autoridades	3.900
Subtotal	3.900

2. Material funxible

Material docente (carpetas, bolígrafos, papel cor, ...)	2.050
Fotocopias e imprenta (dípticos, carteis, sobres, ...)	2.450
Subtotal	4.500

3. Colaboracións externas

Docencia profesores cursos e conferencias	11.440
Sesións de información e formación pais (escola pais)	660
Persoal administrativo e técnico da USC	6.950
Colaboración profesores en probas e corrección	1.620
Colaboración profesores en entrevistas	378
Colaboración e responsable páxina web	900
Colaboración profesorado en dirección, coordinación e organización xeral	12.300
Servizo de vixilancia e apertura edificio en sábado	1.500
Campamento matemático en Abegondo-Sada (A Coruña)	2.500
Fotografía (fotos, vídeos, orlas)	700
Subtotal	38.948

4. Outros gastos

Atencións protocolarias autoridades	300
Correo	1.100
Subtotal	1.400
Total orzamento	48.748 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **25.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **51,284 %** do orzamento total.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando a USC que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable ao concello.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 51,284 %, da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/326.9/453.90, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á USC, que ademais, e a través da Facultade de Matemáticas, organizará e realizará directamente, todas as actividades, asumindo, xa que logo, as conseguíntes responsabilidades, as actividades necesarias para a realización do “Proxecto ESTALMAT-Galicia” referido neste convenio.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á USC, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 12.000 €, con carácter previo á contratación, a USC deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- A Deputación da Coruña constitúese en organismo patrocinador das actividades sinaladas na cláusula primeira, polo que na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da USC.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á USC despois da presentación da seguinte documentación:

* Memoria da actuación, subscrita polo representante legal da USC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén

se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a USC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2016**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á USC para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto; aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á USC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola USC na documentación aportada

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a USC terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A USC deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

Para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A USC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a USC deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a USC poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a USC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de

subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imponse no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da USC serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á USC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2016** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2015.

2.- Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da secretaría Xeral e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente

convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

39.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CLUB DEPORTIVO CORUÑA SPORT CENTRE PARA FINANCIAR A REALIZACIÓN DO OPEN DE PADEL VOZ DE GALICIA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe.

2.- Aprobar o convenio co Club Deportivo Coruña Sport Centre correspondente á subvención nominativa concedida por importe de 3.000,00 € para financiar a realización do Open de Padel Voz de Galicia cun orzamento subvencionado de 7.464€, de acordo co texto que se achega.

Despois dos informes da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización e previo ditame da Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade.

ANEXO

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Deportivo Coruña Sport Centre correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a realización do Open de Padel Voz de Galicia

A Coruña,

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Manuel López Cernadas , presidente do **Club Deportivo Coruña Sport Centre**

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promovan a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que o **Club Deportivo Coruña Sport Centre** é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Club Deportivo Coruña Sport Centre**, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o **Club Deportivo Coruña Sport Centre**, NIF **G70412374**, *para financiar a realización do Open de Padel Voz de Galicia, que tivo lugar o 29 de setembro de 2014*

II.- Orzamento de gastos da actividade realizada pola entidade beneficiaria.

O **Club Deportivo Coruña Sport Centre** desenvolveu as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Campións mellores xogadores	400,00 €
Subcampións mellores xogadores	200,00 €
Premios 12 categorías	3.600,00 €
Camisetas técnicas	3.264,00 €
Total	7.464,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **3.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 40,19 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está

financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 40,19 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3411/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o **Club Deportivo Coruña Sport Centre** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle ao **Club Deportivo Coruña Sport Centre**.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas co **Club Deportivo Coruña Sport Centre** nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o **Club Deportivo Coruña Sport Centre** deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Club Deportivo Coruña Sport Centre**

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada ao **Club Deportivo Coruña Sport Centre** unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do **Club Deportivo Coruña Sport Centre** xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2014.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula sexta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula remataron antes do 31 de decembro de 2014.

2.- O **Club Deportivo Coruña Sport Centre** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta, unha vez formalizado o convenio en documento administrativo e antes do 31 de maio de 2015.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao **Club Deportivo Coruña Sport Centre** para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **Club Deportivo Coruña Sport Centre** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Club Deportivo Coruña Sport Centre**

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, ao **Club Deportivo Coruña Sport Centre** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O **Club Deportivo Coruña Sport Centre** deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O **Club Deportivo Coruña Sport Centre** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o **Club Deportivo Coruña Sport Centre** deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o **Club Deportivo Coruña Sport Centre** poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Club Deportivo Coruña Sport Centre** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Club Deportivo Coruña Sport Centre** serán remitidos á

Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Club Deportivo Coruña Sport Centre** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2014.

2.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

40.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA USC PARA O FINANCIAMENTO DO TRABALLO DE INVESTIGACIÓN DENOMINADO: “APLICACIÓN DO ICS Á ACTUALIZACIÓN DO SISTEMA DE INDICADORES DE CALIDADE DOS SERVIZOS MUNICIPAIS E DE VIDA EN XERAL NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA E A ANÁLISE DOS COMPLEMENTOS ECONÓMICOS DOS ÍNDICES DE COBERTURA DOS SERVIZOS MUNICIPAIS” (FASE 2015-2016).

INTERVENCIÓNS

Sr. Requeira Varela

Imos absternos, concordamos plenamente co que di tamén o informe de Intervención ao respecto deste convenio, un convenio que leva consumidos 831.000 euros, e que non sabemos nin sequera se esta vai ser a última fase, se é que vai haber fases posteriores, non sabemos, realmente o que reflicte o informe é que nos reformulemos a utilidade pública deste proxecto e tamén a finalidade e cando se vai rematar a compilación de datos, e a actualización e o estudo. Polo tanto, evidentemente, temos moitas dúbidas sobre este proxecto e ímonos abster.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP e PSOE e a abstención do BNG, acorda:

“1º Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado este reparo de Intervención a este expediente.

2º APROBAR o texto e a formalización do convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela para o financiamento do traballo de investigación “Aplicación do ICS á actualización do Sistema de Indicadores de Calidade dos Servizos Municipais e de Vida en Xeral nos Concellos da Provincia da Coruña e a análise dos complementos económicos dos índices de cobertura dos servizos municipais – Fase 2015-2016” cunha achega provincial de 120.000,00 € (80.000,00 € con cargo á aplicación presupostaria 0400/462/453.90, e 40.000,00 € con cargo ao presuposto 2016) que representa un coeficiente de financiamento do 80% sobre un presuposto total de 150.000,00€

3º Condicionar a eficiencia do presente convenio á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 2/2015 aprobado polo Pleno.

4º Tendo en conta que a vixencia do convenio se estende ata o 30 de xuño de 2016, condicionar o gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no presuposto 2016.

ANEXO

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela

para financiar o traballo de investigación denominado:

“Aplicación do ICS á actualización do Sistema de Indicadores de Calidade dos Servizos Municipais e de Vida en Xeral nos Concellos da Provincia da Coruña e a análise dos complementos económicos dos índices de cobertura dos servizos municipais – Fase 2015-2016”

A Coruña, a 15 de abril de 2015

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, en calidade de presidente da Deputación da Coruña
D. Juan J. Casares Long, en calidade de reitor da Universidade de Santiago de Compostela

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación que teñen e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a USC é unha entidade de Dereito Público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, interesada en colaborar cos sectores socioeconómicos para asegurar un dos fins da formación e a investigación, que é a innovación e a modernización do sistema produtivo.

SEGUNDO.- Que o Equipo de Investigacións Políticas da USC ten desenvolvido o denominado Índice de Cobertura de Servizos (en adiante ICS), do que ten rexistrado a propiedade intelectual, así como as metodoloxías de aplicación do devandito indicador.

TERCEIRO.- Que a Deputación da Coruña subvencionou a realización pola Fundación Galicia Innova e o citado Equipo de Investigacións Políticas da Universidade de Santiago dunha fase inicial do proxecto “*Sistema de indicadores de calidade dos servizos municipais e de vida en xeral nos concellos da provincia da Coruña*”, chegando á definición dun sistema de indicadores dotacionais (baseados no ICS) e á súa aplicación experimental a 80 concellos da provincia.

CUARTO.- Que, igualmente, tanto en 2013 como en 2014 a Deputación da Coruña subvencionou a realización pola Universidade de Santiago das dúas primeiras fases dun novo proxecto destinado a crear un instrumento periódico que sirva para coñecer obxectivamente a situación dos servizos nos municipios da provincia, e que esta información teña carácter público para que poida ser utilizada pola administración e a cidadanía en xeral de xeito ilimitado.

QUINTO.- Que como continuación ao proxecto referido no apartado anterior, e en cumprimento da vontade de continuidade manifestada no apartado OITAVO do correspondente convenio de colaboración, a Universidade de Santiago propón o

desenvolvemento, durante os anos 2015 e 2016, dunha terceira fase do devandito traballo consistente en:

1. Actualización das medicións anteriores
2. Resolución das dificultades presentadas por algunhas áreas e concellos respecto da recollida de datos durante o traballo de campo
3. Avance na análise agregada do índice e dos efectos que a súa operación xera
4. Aplicación dos indicadores de rendemento económico e eficacia formulados durante a última medición do proxecto, e construción dun Cadro de Mandos.

SEXTO.- Que ante esta iniciativa da Universidade de Santiago, dados o interese público do proxecto e a vontade común en levar a cabo a investigación indicada no apartado anterior, a Deputación da Coruña acorda subvencionar a realización do devandito traballo nun 80% do seu custo, consonte o regulado na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A subvención concédese sen que a Deputación da Coruña vaia obter contraprestación directa ningunha por esta investigación.

O acordo de creación do crédito adoptouse mediante resolución plenaria perante a que se aprobou o primeiro Expediente de Modificación de Créditos (EMC-2) ao Orzamento provincial para o exercicio 2015 é de 80.000 €, resultando con cargo á aplicación 0400/462/45390. O financiamento do 2016 que será de 40.000 €, estará condicionada á existencia de crédito no orzamento de execución presupostaría dese exercicio.

Para regular todos os aspectos relacionados coa execución do devandito traballo de investigación, así como as condicións baixo as que a Deputación da Coruña procederá ao aboamento da subvención concedida, ambas as dúas partes acordan subscribir o presente convenio, baixo as seguintes

CLÁUSULAS

I.-OBXECTO E DESCRICIÓN DOS TRABALLOS QUE SE HAN REALIZAR

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Universidade de Santiago (con CIF nº Q1518001A) para o financiamento da realización do traballo de investigación destinado a actualizar o Barómetro de Xestión Municipal (BXM) e ao desenvolvemento dun indicador sobre o impacto da inversión pública nos Índices de Cobertura de Servizos municipais.

Pola Universidade de Santiago levará a cabo o traballo a Equipa de Investigacións Políticas, dirixida pola profesora Dra Nieves Lagares Díez.

O obxectivo do proxecto de investigación que se propón é cuádruplo; a saber:

- (1) Actualización das medicións anteriores
- (2) Resolución das dificultades presentadas por algunhas áreas e concellos respecto da recollida de datos durante o traballo de campo
- (3) Avance na análise agregada do índice e dos efectos que a súa operación xera
- (4) Aplicación dos indicadores de rendemento económico e eficacia formulados durante a última medición do proxecto, e construción dun Cadro de Mandos.

O ICS, funciona cunha lóxica de avaliación comparativa, interpretando a posición de cada un dos concellos en relación ao resto dos concellos pertencentes ao seu mesmo rango poboacional. A razón pola cal se determina unha clasificación dos concellos en

función de rangos poboacionais parece obvia, pois enténdese que non serán comparables os servizos ofrecidos en concellos de 2.000 habitantes e os daqueles con máis de 10.000 do mesmo xeito que os investimentos e os custes dos servizos tampouco serán iguais. Deste modo séguese a seguinte clasificación, segundo as cifras oficiais do Padrón municipal do INE para o ano 2012, publicadas no BOE o 29 de decembro de 2012 (Real Decreto 1697/2012, de 21 de decembro):

- Concellos de menos de 2.000 habitantes: 12
- Concellos de 2.001 a 5.000 habitantes: 29
- Concellos de 5.001 a 20.000 habitantes: 42
- Concellos de 20.001 a 50.000 habitantes: 8
- Concellos de máis de 50.000 habitantes: 3

As áreas temáticas de estudo son:

1. Actividade e emprego.
2. Xestión administrativa, transparencia e documentación.
3. Novas tecnoloxías e comunicación.
4. Participación cidadá.
5. Servizos sociais.
6. Sanidade.
7. Educación.
8. Cohesión social.
9. Urbanismo e vivenda.
10. Infraestruturas viarias.
11. Equipamentos culturais.
12. Equipamentos deportivos.
13. Transporte e mobilidade.
14. Limpeza e recollida de residuos.
15. Abastecemento e saneamento.
16. Seguridade Cidadá.
17. Enerxías renovables.
18. Parques e xardíns.

Con estas premisas os traballos nesta segunda fase (2015-2016) dirixiranse a:

1. Aplicar e analizar o funcionamento de ambos os dous índices aos datos económicos dos diferentes proxectos postos en marcha nos distintos servizos por parte da Deputación da Coruña; o que permitirá avaliar a incidencia dos devanditos investimentos sobre os parámetros obxectivos e sobre as variacións nas percepcións da cidadanía.
2. Como parte da evolución do proxecto, construír un Cadro de Mando que integre todos os indicadores (input e output) e permita acompañar os procesos de decisión política e crear un canon de transparencia nos servizos, acorde aos novos modelos de democracia baseados na responsabilidade, a transparencia e a rendición de contas.
3. Converter o Cadro de Mando nunha ferramenta de planificación estratéxica que vincule os programas de goberno á consecución de obxectivos, ao tempo que se desenvolve a cultura a mellora continua dentro da administración.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A Universidade de Santiago levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ORZAMENTO ANUALIDADES 2015 e 2016

	Total	2015	2016
PERSOAL	55.000	35.000	20.000
<i>Dirección e coordinación do traballo</i> , derivado das visitas, traballo de campo para a obtención dos datos e creación da base de datos propia. Coordinación da redacción do informe final e presentación dos resultados. Análise dos resultados acadados tras a aplicación dos índices de rendemento económico. Deseño do Cadro de Mando.	18.000	10.000	8.000
<i>Equipo Técnico</i> . Recollida de datos publicados. Revisión dos datos xa analizados do informe anterior. Extracción de resultados para os 93 concellos da provincia a partir dos novos datos. Elaboración do informe final do Barómetro II e presentación dos resultados. Compilación de datos económicos e financeiros de interese. Aplicación do índice de Rendemento Municipal e do índice de Eficacia.	37.000	25.000	12.000
COMPRA DE MATERIAL	4.810	4.000	810
Material informático (non inventariable)	1.810	1.500	310
Papelería e material funxible	3.000	2.500	500
EDICIÓN DE RESULTADOS	2.500	500	2.000
Edición e impresión de resultados	2.500	500	2.000
COMUNICACIÓNS	6.000	5.207	793
Comunicacións	6.000	5.207	793
CONTRATACIÓNS EXTERNAS	58.500	39.500	19.000
<i>Traballo de campo</i> : recollida de datos non publicados	19.000	0	19.000
Enquisas en hábitats de menos de 5.000 habitantes	17.000	17.000	0
Enquisas en hábitats de máis de 5.000 habitantes	18.500	18.500	0
Construción de modelo informático de tratamento de datos	4.000	4.000	0
DESPRAZAMENTOS	2.500	2.000	500
Viaxes, peaxes, dietas	2.500	2.000	500
CUSTES INDIRECTOS USC	20.690	13.793	6.897
TOTAL	150.000	100.000	50.000
	Total	2015	2016
SUBVENCIÓN DEPUTACIÓN DA CORUÑA	120.000 €	80.000 €	40.000 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula I, cunha achega máxima de 120.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 80,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula II, a Deputación só achegará o importe que represente a devandita porcentaxe da cantidade que efectivamente se xustifique.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo en dúas anualidades. A do 2015 de 80.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria **0400/462/45390** incluída no expediente de modificación de créditos (EMC-2), e a do 2016 de 40.000 € estará condicionada á existencia de crédito no orzamento de execución presupostaría dese ano.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Universidade de Santiago obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Universidade de Santiago. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Universidade de Santiago, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o art 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. A contratación con terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarias realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou *internet*, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga por parte da Universidade de Santiago.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación será aboada integramente á finalización dos traballos.
2. A Universidade de Santiago deberá acreditar, previamente ao cobro da achega provincial, que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula VIII.
3. Non será posible expedir un pago se a Universidade de Santiago ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, tendo finalizado o prazo disposto, non se presentara a xustificación correspondente.
4. Para a recepción do pago, a Universidade de Santiago é titular da conta bancaria IBAN ES27.2080.0387.80.3110000209 con título "*Universidade de Santiago-Contratos e Convenios*".
5. A achega final da Deputación seralle aboada á Universidade de Santiago unha vez que se presente a seguinte documentación:
 - memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Universidade de Santiago, na que se xustifique o cumprimento das condicións impostas neste convenio con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos
 - certificación de relación clasificada dos gastos aprobados na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións habidas con respecto ao orzamento detallado na cláusula II.
 - certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente
 - acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII
 - declaración doutras axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
 - certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación
 - proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula VI, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula I, deberán estar rematadas polo menos 3 MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio, tal como está establecido na cláusula XIII.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Universidade de Santiago deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VIII no prazo máximo DE 1 MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, 2 MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XVI.

3. De conformidade co disposto no art 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á UNIVERSIDADE DE SANTIAGO para que a presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidade de Santiago da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 54.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidade de Santiago na documentación achegada. Se transcorresen máis de 4 meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivese cobrado o importe que lle corresponda, a Universidade de Santiago terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de 4 meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.

1. A Universidade de Santiago deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os certificados correspondentes.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Universidade de Santiago destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Universidade de Santiago deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificandos e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos art 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos art 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Santiago poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidade de Santiago queda sometida aos procedementos de fiscalización que leve a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas; así como estará tamén sometida aos procedementos de calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.
3. De conformidade co disposto na base 54.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención, co límite de 75,00 € se o atraso non excede de 3 meses. Se o atraso na realización da actividade excede de 3 meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada, co límite de 150,00 €.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede de 1 mes, a sanción disposta na Lei imponse no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada, co límite de 75,00 €. Se excede de 1 mes e non chegase a 3, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400,00 €. Por último, se a extemporaneidade da xustificación excede de 3 meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no art 20.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidade de Santiago serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de datos nacional de subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no art 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no art 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Universidade de Santiago será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web <http://www.dicoruna.es>.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 30 de xuño de 2016.

2. Previa solicitude da Universidade de Santiago, realizada polo menos 1 mes antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes que se tome antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos do Servizo de Apoio Técnico a Municipios (unidade xestora), do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación se media causa debidamente xustificada.

XIV.-NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento de cantas cuestións litixiosas poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Consonte todo o anterior e en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio en exemplar cuadriplicado, no lugar e data indicados no seu encabezamento.”

41.-APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 3/2015.

INTERVENCIONS

Sr. Requeira Varela

Intentarei non repetir argumentos. Levamos catro anos falando e defendendo outra política en relación coa política de convenios que se veñen aprobando a través de expedientes de modificación Pleno tras Pleno. Moitas veces un, cando asiste ao Pleno da Deputación, dálle a estraña sensación, e como non quero repetir argumentos que constan xa nas actas destes últimos catro anos, intentarei, aínda que teño pouca graza, intentarei quitarlle ferro ao asunto, pero dá a sensación de que vimos a un sorteo das loterías, ademais as Loterías do Estado teñen a un calvo por alopecia, aquí temos a un Diego Calvo, pero moitas veces dá a sensación de que vimos repartir diñeiro a través de convenios, e tamén dá a sensación de que hai concellos onde lles toca o gordo, neste expediente o gordo realmente tócalle ao Concello de Vilasantar, que supoño que estará moi contento, sobre todo en época preelectoral, pero hai outros concellos onde lles tocan premios moi menores, pedreas, ou incluso a devolución ou incluso nada.

Estase rematando o mandato e consideramos que hai que acabar con esta política de convenios e xa que os recursos son contados, e todos os concellos da provincia teñen urxencias, reclamamos o que viñamos reclamando ata o día de hoxe, que se aproben plans onde poidan todos os concellos e entidades concorrer en plan de igualdade a través da libre concorrência, que haxa unha baremación transparente

e que lle dea igualdade de oportunidades, e sobre todo un trato xusto a todas as entidades e concellos da provincia.

Nós imos absternos, como xa fixemos en anteriores ocasións neste Expediente, e agardamos que no futuro a política de convenios sexa unha política para o que realmente ten que valer, e así tamén o defendía no seu momento o Partido Popular no Congreso dos Deputados, para cousas extraordinarias, urxentes, ou que teñan unha utilidade pública demostrable, e que necesiten, porque non poden entrar por outra vía a sinatura dun convenio específico para ese asunto, pero aquí cuestións ordinarias puidéronse levar a través dos plans provinciais, ou facer novos plans e que todos os concellos puideran presentarse. Nada máis.

Sr. Ruiz Rivas

Grazas, presidente, bos días a todos e todas. Dikir que unha vez máis o feito de poder traer un Expediente de modificación de créditos de un millón e medio de euros, que se financia integramente con remanente de tesourería, vén indicar a boa saúde financeira desta institución e, polo tanto, o feito de que se poidan seguir destinando recursos ao que son competencias e necesidades do concello. Dito iso, reiterar unha vez máis que durante esta lexislatura o que foron todos os créditos que de forma regulada e por plans se foron repartindo ao longo dos sucesivos orzamentos e tamén das modificacións orzamentarias, alcanzaron niveis nunca antes alcanzadas nesta institución, preto do noventa e cinco por cento, polo tanto a maioría dos créditos son repartidos entre os concellos a través de plans.

Dito iso, eu creo que se dá a máxima transparencia por parte de todo o organismo provincial posto que neste Expediente o que estamos a facer é facer unha cobertura orzamentaria, non obstante todas as súas señorías teñen os datos da previsión de onde van ir a parar todos e cada un dos fondos que simplemente agora van no correspondente capítulo presupostario, polo tanto, máxima información.

Dito iso, dikir que un vinte e cinco por cento do que son estes fondos van ir dedicados a abastecementos de auga e carencia que teñen moitos concellos, practicamente douscentos vinte e dous mil euros a outras infraestruturas viarias, e cerca de douscentos mil ao que son axudas a familias e institucións. É dikir, que moitas veces precisamente o que son as subvencións nominativas permiten dar unha cohesión territorial a aqueles territorios ou concellos que por razóns determinadas poidan ter este tipo de carencia, que o feito de ir en igualdade de condicións e só ao que é competencia ou concorrencia competitiva, farían que sempre foran no furgón de cola, polo tanto, o que estamos é axudando precisamente á igualdade e á cohesión en todo o termo provincial. Moitas grazas, Sr. Presidente.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP e PSOE e a abstención do BNG, acorda:

“1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 3/2015 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente Orzamento Xeral por un importe 7.832.61,20 euros e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento): **A.2) Baixas (fontes de financiamento):**

CE. Créditos extraordinarios:	144.015,19	Remanente de tesourería:	1.539.632,55
SC. Suplemento créditos:	1.395.617,36	Baixas por anulación:	0,00
Total de aumentos:	1.539.632,55	Total financiamento:	1.539.632,55

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos **B.2** Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas	Baixas	Capítulo	Altas
1. Gastos de persoal	0,00	0,00	1. Impuestos directos	0,00
2. Gastos correntes	117.500,00	0,00	2. Impuestos indirectos	0,00
3. Gastos financeiros	0,00	0,00	3. Taxas e outros ingresos	0,00
4. Trans. correntes	165.322,00	0,00	4. Transferencias correntes	0,00
5. Fondo continx. e o. i.	0,00	0,00	5. Ingresos patrimoniais	0,00
6. Inwestimentos reais	115.000,00	0,00	6. Alleamento investimentos reais	0,00
7. Trans. de capital	1.141.810,55	0,00	7. Transferencias de capital	0,00
8. Activos financeiros	0,00	0,00	8. Act. Finan. Reman. Tesourería	1.539.632,55
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00	9. Pasivos financeiros	0,00
TOTAL	1.539.632,55	0,00	TOTAL MODIFICACIONES	1.539.632,55

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente a Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais para dar cumprimento ao disposto no artigo 29 do regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade presupostaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro e da Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2015 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevidas e imprevisibles que excederan do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.”

42.-INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN PRESUPOSTARIA A 28.02.2015 E PROYECCIÓN A 31.12.2015.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Tomar coñecemento do informe sobre o estado de execución presupostaria a 28/02/2015 e proyección a 31/12/2015.”

43.-ORDENANZA PROVINCIAL REGULADORA DO CONTROL FINANCEIRO DE SUBVENCÍONS E DOS PROCEDIMENTOS DE REINTEGRO E SANCIONADORES DERIVADOS.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“PRIMEIRO.- Que se aprobe inicialmente o texto da **ORDENANZA PROVINCIAL REGULADORA DO CONTROL FINANCEIRO DE SUBVENCÍONS E DOS PROCEDEMENTOS DE REINTEGRO E SANCIONADORES DERIVADOS.**

SEGUNDO.- Que unha vez adoptado o acordo de aprobación, se expoña ao público o expediente por prazo de **TRINTA DÍAS**, para que todas as persoas interesadas poidan presentar reclamacións ou suxestións ao texto inicialmente aprobado.

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións ou suxestións no prazo de exposición ao público, que se proceda ao seu estudo e informe e se presente de novo ante este órgano a correspondente proposta, para a estimación ou desestimación das reclamacións e adopción do acordo definitivo que proceda. No caso de que non se teña presentado reclamación ou suxestión ningunha, o acordo ata entón provisional quedará definitivamente adoptado.”

ORDENANZA PROVINCIAL REGULADORA DO CONTROL FINANCEIRO DE SUBVENCÍONS E DOS PROCEDEMENTOS DE REINTEGRO E SANCIONADORES DERIVADOS

I N D I C E

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓN XERAIS

CAPÍTULO II: O CONTROL FINANCEIRO

CAPÍTULO III: O REINTEGRO DE SUBVENCÍONS

CAPÍTULO IV: INFRACCIÓN E SANCIÓN EN MATERIA DE SUBVENCÍONS

CAPÍTULO V: COBRANZA DE REINTEGROS, SANCIÓN E XUROS DE MORA

DISPOSICIÓN FINAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dentro dos distintos ámbitos de acción pública que desenvolve a Deputación da Coruña, a acción de fomento ten como finalidade promover as iniciativas doutras administracións públicas, principalmente dos concellos, para conseguir unha maior eficacia e mesma eficiencia nas súas políticas públicas de gasto; e, respecto das entidades non lucrativas, dáselle impulso á súa actuación, que sendo inicialmente privada, se reconduce a unha utilidade pública ou interese social, tal como require o artigo 2 da Lei xeral de subvencións.

Para o exercicio desta acción, a Deputación aplica anualmente unha parte moi significativa dos seus recursos, no marco dunha política orzamentaria fundamentada no principio de estabilidade e limitación ao crecemento do gasto, polo que os créditos dos capítulos IV e VII do orzamento provincial previstos para este fin, débense xestionar procurando o maior rigor xurídico e a máxima eficiencia económica. Precisamente, desde unha visión económica, tamén o gasto público canalizado a través de subvencións pretende ter un efecto multiplicador, tanto no consumo (subvencións correntes) como no investimento (subvencións de capital).

Baixo tales principios, na lexislación vixente, o exercicio do control financeiro de subvencións imponse como unha tarefa de obrigada execución, pois a administración concedente ten que coñecer con exactitude a realidade formal e material na que se efectúa o gasto subvencionado e, en definitiva, a consecución do fin público previsto.

Así mesmo, realizado o control e emitido o informe correspondente, cando se aprecien irregularidades, é necesario executar os procedementos de reintegro e sancionador para, por unha banda, recuperar para o erario público os fondos mal aplicados e, por outra banda, sancionar as condutas infractoras que se apreciaron, tendo sempre presente o Principio de legalidade no exercicio da potestade sancionadora da administración.

A razón última do establecemento do control sobre os fondos públicos en poder de terceiras persoas é que a subvención é un negocio xurídico modal, e por iso, os fondos son públicos, en tanto non se cumpran as condicións ou os obxectivos de interese público para os que se entregaron.

O obxecto do control financeiro das subvencións e outras axudas públicas, pode resumirse dicindo que abarca a verificación da correcta obtención e aplicación das subvencións e axudas públicas polos seus beneficiarios.

Xa desde o ano 2006, a Deputación vén realizando tarefas de control financeiro sobre as subvencións pagas no exercicio anterior, empregando para tal os medios propios dos que dispón a Intervención. Desde entón, ano tras ano estase elevando ao Pleno un informe-resumo das actuacións realizadas, no que se expoñen os resultados do Plan de auditorías, dando conta, así mesmo das principais irregularidades detectadas, así como dos procedementos de reintegro e as sancións impostas.

Precisamente foi no exercicio da potestade sancionadora onde se apreciou a maior necesidade dun desenvolvemento regulamentario da Lei de subvencións, xa que, tanto para a mellor definición das condutas infractoras, como para a correcta gradación das sancións baixo os principios de culpabilidade e proporcionalidade, os criterios legais non son suficientes para apreciar e ponderar adecuadamente a multiplicidade de feitos irregulares e a variedade de condutas detectadas nas persoas responsables na xestión, xustificación e aplicación dos fondos públicos obtidos. Por iso, pola habilitación legal do artigo 64 da Lei de subvencións, introdúcense na presente ordenanza as especificacións e gradacións ao cadro de infraccións e sancións establecido legalmente, sen que isto supoña tipificar as novas infraccións, dado que se vulneraría o Principio de legalidade neste ámbito de regulación.

Así mesmo, aprobeitase o texto normativo para desenvolver e concretar os abundantes trámites que se levan a cabo nos procedementos de control financeiro e de reintegro, algúns deles simplemente enunciados na lei con certa sobriedade, polo que se espera que este desenvolvemento regulamentario contribúa a introducir maior seguridade xurídica, tanto nos actos ditados polos funcionarios que asumen estas tarefas como na actuación dos administrados, todo isto no marco dos principios enumerados no artigo 3 da Lei 30/92, do réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, destacando sobre todo o sometemento á Constitución, a Lei e ao dereito.

A continuación regúlanse todos os aspectos comentados anteriormente, mantendo como sistemática a orde cronolóxica na que se desenvolven os procedementos: en primeiro lugar o control financeiro sobre as subvencións, nun segundo termo os procedementos de reintegro e, finalmente, as especificacións introducidas sobre as infraccións leves e á gradación das sancións, para o correcto exercicio da potestade sancionadora nos expedientes sancionadores.

CAPÍTULO I : DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Ámbito de aplicación

1.-Conforme a habilitación legal establecida na Disposición adicional décimo cuarta e no artigo 64 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a presente ordenanza ten por obxecto o seu desenvolvemento regulamentario, respecto ao control financeiro de subvencións, de reintegro e sancionadores, ben proceda da competencia da propia Deputación no control dos seus fondos públicos ou ben se exerza en virtude de delegación de funcións conferidas polos concellos da provincia conforme as Bases aprobadas polo Pleno para o efecto.

2.-Igualmente aplicárase ao control financeiro que se realice sobre os perceptores de entregas de diñeiro sen contraprestación que se realicen ás entidades e fundacións privadas sin ánimo de lucro da provincia.

3.-Do control financeiro realizado, poderán derivarse, no seu caso, expedientes de reintegro e/ou sancionadores.

4.-Os capítulos referidos ao control financeiro e ao procedemento de reintegro tamén resultarán de aplicación aos expedientes que se deriven do control doutros pagos que non teñan a natureza de subvencións, como transferencias, cotas de socio ou prezos de contraprestación nos contratos.

Artigo 2.- Órganos competentes

1.- Conforme co establecido no artigo 219 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, correspóndelle á Intervención Xeral, como titular do control interno, a emisión de calquera informe de control financeiro no que se verifique a correcta aplicación dos fondos públicos da entidade.

2.- A dita función poderá ser realizada directamente pola persoa titular do órgano ou ben, mediante a súa delegación, por persoas funcionarias que participen no exercicio

de funcións reservadas, sempre que pertenczan á subescala de Intervención – Tesourería de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.

3.- Baixo a responsabilidade da Intervención Xeral, o funcionario titular da Xefatura de Sección II e o persoal do Negociado de Control financeiro e auditoría levará a cabo as seguintes actuacións:

- a) A elaboración e seguimento do Plan anual de auditorías.
- b) Tramitación das denuncias públicas, que poderán derivar ou non en expedientes de control financeiro.
- c) A tramitación dos expedientes de control financeiro.
- d) A tramitación de todos os expedientes de reintegro e sancionadores.
Para este efecto, na resolución de incoación de cada expediente nomearanse persoas funcionarias ás que se lle encomende a instrución e a secretaría do expediente, respectivamente.
- e) A elaboración e seguimento individualizado de calquera control de fondos públicos que se lle asignen ao Servizo.

Artigo 3.- A colaboración doutras Administracións e Servizos

1.- Cando sexa necesario obter información ou realizar algunha actuación concreta, a Intervención poderá solicitar a colaboración dos órganos doutras administracións públicas, nos termos do artigo 8 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

2.- Así mesmo, conforme o establecido no artigo 222 do Texto refundido da lei de facendas locais, poderá solicitar os antecedentes que estime necesarios, comprobar documentos, solicitar os informes e asesoramento necesarios. Os servizos da Deputación remitirán a información, documentación ou informes requiridos coa máxima celeridade.

3.- Unidades xestoras e Servizo de Contabilidade. De cada subvención aprobada para o seu control, as distintas unidades xestoras que interveñan na concesión e pago da subvención (unidades xestoras, Servizo de Contabilidade), facilitarán á Intervención cando esta o solicite, a documentación que forme cada expediente de control.

CAPÍTULO II: O CONTROL FINANCEIRO

Artigo 4.- Formas de inicio dos expedientes de control financeiro

1.-O procedemento de control financeiro iniciárase sempre de oficio, conforme a algunha das seguintes modalidades:

a) Mediante o Plan anual de auditorías de subvencións, aprobado por acordo do Pleno da Corporación, ou en virtude de delegación de funcións dun Concello, utilizando para ese efecto os criterios de selección establecidos no Plan citado.

b) Por petición razoada doutros órganos ou unidades.

c) Mediante acción pública, por denuncia, sempre que conteña os requisitos esixidos na lexislación reguladora do procedemento administrativo común.

2.- Tanto as peticións razoadas doutros servizos ou as denuncias han de presentarse debidamente asinadas e con elas xuntarse algún indicio ou elemento de proba que motive, no seu caso, o inicio do procedemento.

3.- Recibida a petición razoada ou denuncia, a Intervención emitirá un informe no que se analice a conveniencia ou non de iniciar o procedemento. Á vista deste, a Presidencia ditará, no seu caso, a resolución de incoación, que lle será notificada de inmediato ao interesado.

Artigo 5.- O Plan anual de auditorías

1.- Anualmente, a Intervención elaborará un Plan de auditorías para realizar o control das subvencións e outros pagos realizados nun exercicio anterior. O devandito documento conterá, como mínimo, os seguintes apartados: relación de pagos e perceptores, número de elementos que se han seleccionar e criterios para realizar a selección.

2.- O Plan elaborado pola Intervención, despois da emisión dos informes e ditames preceptivos, será presentado ao Pleno da Corporación, para a súa aprobación.

3.- Unha vez aprobado será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, para xeral coñecemento, indicando o número de entidades seleccionadas, período ao que se refire a auditoría e importe total dos fondos públicos sometidos a control.

4.- Executado o Plan, a Intervención emitirá un informe final, dando conta de maneira resumida das actuacións realizadas, pondo de manifesto as irregularidades atopadas e realizando as propostas de actuación que se consideren necesarias ou convenientes.

Este informe será presentado ante o Pleno para o seu coñecemento e aprobación, e no seu caso, a adopción das medidas oportunas.

Artigo 6.- A comunicación de inicio de actuacións

1.- O inicio das actuacións de control financeiro sobre beneficiarios e, no seu caso, entidades colaboradoras, efectuarase mediante a súa notificación, a través de carta certificada, no que se indicará a natureza e alcance das actuacións que se han desenvolver, a data de comparecencia do equipo de comprobación que vai realizalas, a documentación que nun principio debe pórse ao seu dispor e demais elementos que se consideren necesarios.

2.- Xunto coa notificación de inicio de actuacións, como anexos, remítenselle á entidade os seus dereitos e obrigas así como o modelo de representación que poderá utilizar no seu caso, conforme a lexislación do procedemento administrativo común.

Os devanditos documentos figuran como **Anexo I e II** da presente ordenanza.

Artigo 7.- Tipos de procedementos

1.- Na comunicación de inicio indicaráse ao beneficiario da subvención o tipo de procedemento ao que se someterá no control a posteriori pola axuda recibida con cargo aos fondos públicos, en función da forma de obter a evidencia razoable de que a actividade ou investimento sexa realizada conforme a finalidade prevista na concesión.

2.- Establécense dous tipos de procedementos:

a) Procedemento ordinario, coa sigla “PO”: Esixe necesariamente a comparecencia do persoal actuário no domicilio social da entidade, de forma que se poida verificar “in situ” a contabilidade da entidade, a documentación orixinal xustificativa da correcta aplicación dos fondos e financiamento da actividade, así como a comprobación material da obra, instalación ou subministración adquirida.

b) Procedemento abreviado, coa sigla “PA”: Instrúese respecto de expedientes nos que a evidencia razoable de que a actividade foi realizada, pódese obter mediante verificación documental. Neste procedemento prescindirase da dilixencia de comparecencia no domicilio social da entidade, substituíndo este trámite pola remisión de documentación que lle sexa solicitada ou verificación de documentos nas dependencias da Intervención.

Á vista da documentación que conste no expediente, de consideralos correctos conforme a lexislación aplicable, a Intervención poderá dar por terminadas as actuacións.

Noutro caso, emitirase unha dilixencia, que lle será notificada á entidade, estendendo as actuacións á comprobación da contabilidade ou calquera outra documentación ou información requirida a terceiros, ata poder verificar completamente o emprego dado aos fondos públicos.

3.- Con carácter xeral as actuacións tramitaranse por procedemento ordinario, podéndose incoar polo procedemento abreviado as actuacións que teñan por obxecto a verificación de pagos destinados a realizar actividades, sempre que non excedan de 6.000€, ou para subministracións que non excedan de 3.000€.

Artigo 8.- Lugar das actuacións

1.- As actuacións de control financeiro poderanse desenvolver nos seguintes lugares:

- a) As actuacións consistentes en verificar documentos que xa consten no expediente administrativo ou sexan remitidos polos suxeitos controlados realizaranse nas dependencias da Intervención provincial.
- b) A verificación da contabilidade da entidade, así como os xustificantes que lle sirvan de soporte, nas dependencias, oficinas e locais do órgano executor da

axuda, beneficiario, entidade colaboradora ou terceiros relacionados co obxecto da subvención ou a súa xustificación, así como nos lugares onde se custodie a documentación ou onde exista algunha proba, aínda que sexa parcial, do cumprimento do obxecto subvencionable, a execución do proxecto, a realización da actividade ou a adopción do comportamento, para os efectos da realización das probas previstas nos programas de traballo.

- c) En calquera oficina pública, municipal ou provincial que estea máis preto do domicilio social da entidade, cando este non estea dispoñible ou coincida co domicilio particular dalgún membro da directiva ou dalgún socio.
- d) A comprobación material das obras, instalacións, equipamentos ou subministracións deberá realizarse no lugar onde estean situados.

2.- Se o domicilio social radica no domicilio particular dunha persoa física, realizarase a comprobación in situ nunha oficina pública, municipal ou provincial. Esta circunstancia haberá de comunicala o beneficiario aos órganos de control coa antelación suficiente á realización do control, en concreto ao Negociado de Control financeiro para os efectos de poder concretar o lugar de verificación da subvención.

3.- Se durante o control, os beneficiarios cambian de domicilio social, deberán comunicalo á Intervención provincial. As actuacións de control realizadas no domicilio anterior serán válidas en tanto non se comunique o cambio.

Artigo 9.- Horario das actuacións

1.- Cando o control se realice no domicilio social da entidade, lugar de custodia da documentación ou onde se executou o investimento, o horario preferente será o oficial de apertura ao público de 9:00 a 14:30h, de luns a venres, sen prexuízo de que en circunstancias excepcionais debidamente motivadas poida realizarse noutro horario.

2.- As actuacións que se desenvolvan nas oficinas públicas municipais ou provinciais realizaranse dentro do horario oficial de apertura ao público (de 9:00 a 14:00h) de luns a venres e, en todo caso, dentro da xornada laboral dos actuarios.

3.- Se a persoa representante da entidade obxecto de control fose unha persoa con discapacidade ou con mobilidade reducida, as actuacións desenvolveranse no lugar que lle resulte máis apropiado para poder realizar as verificacións do control financeiro.

Artigo 10.- Ampliación ou aprazamento do control

1.- Os órganos da Intervención que tramiten o procedemento correspondente poderán conceder, a pedimento do suxeitos obxecto de control, unha ampliación ou aprazamento da data previamente notificada na comunicación de inicio.

2.- Non se concederá máis dunha ampliación ou aprazamento.

3.- Para que a ampliación ou aprazamento poida outorgarse serán necesarios os seguintes requisitos:

a) Que se solicite, mediante a presentación dun escrito dirixido á Deputación, Servizo de Fiscalización, Negociado de control financeiro ou ben por correo electrónico control.financiero@dicoruna.es dentro dos tres días hábiles seguintes á comunicación de inicio.

No escrito presentado indicárase o número de expediente para o que se solicita o aprazamento, sinalando a nova data proposta.

b) Que se xustifique a concorrencia de circunstancias que o aconsellen e a proposta da nova data de realización do control, que será posteriormente concretado polos actuarios mediante correo ordinario ou correo electrónico á dirección postal ou electrónica indicada na solicitude.

4.- A nova data proposta non vincula para realizar o control dos fondos públicos, sendo decisión última dos actuarios sinalar o día e hora para a auditoría.

5.- O acordo de concesión ou a denegación, que deberá ser motivado, non será susceptible de recurso.

Artículo 11.- Verificación en procedimientos ordinarios de control financeiro

Todas as probas, comprobacións e verificacións estarán encamiñadas a obter algunha ou varias das seguintes evidencias:

a) Evidencia física, obtida da inspección física das actividades ou investimentos subvencionados. (Exemplos: visitar as obras subvencionadas, verificar a maquinaria subvencionada, entre outros). Poderá documentarse mediante fotografías, memorandos, esquemas, diagramas, gráficos ou informes técnicos periciais.

b) Evidencia documental sobre as xustificacións orixinais que achegou o beneficiario, así como verificación do seu reflexo sobre os rexistros contables do beneficiario. Está integrada por informacións materializadas en contratos, rexistros ou facturas, entre outros.

c) Evidencia testemuñal obtida mediante entrevistas ou preguntas aos representantes da entidade beneficiaria, enquisa a beneficiarios últimos (por exemplo, nunha actividade formativa entrevistas aos alumnos) ou petición de confirmación de datos, (cartas ao provedor para que confirme as operacións). Consiste en obter información apropiada das persoas que a posúen dentro e fóra da entidade, mediante enquisas, entrevistas.

d) Evidencia analítica, derivada da análise da información económico – financeira e contable da entidade beneficiaria (contas anuais, imposto sobre sociedades, outras declaracións de natureza tributaria, memorias e publicacións).

e) Evidencia informática, información e datos contidos en soportes electrónicos, informáticos, programas e aplicacións utilizadas nos procedementos de xestión do auditado.

Artigo 12.- Documentación das actuacións de control financeiro

Na tramitación do control financeiro os actuarios e demais membros que realizan o control emitirán dilixencias e informes, documentos gráficos (fotografías) e calquera outro documento de proba, que documente o expediente.

a) As dilixencias. Os actuarios poderán facer constar todas as súas actuacións mediante dilixencias de calquera tipo.

b) Os informes. Os informes que se emitan serán provisionais, para os efectos de poder presentar alegacións e en caso de presentarse, emitirase o informe definitivo que será notificado á entidade beneficiaria e no seu caso, aos presidentes, tanto ao actual da entidade como, ao que o era no momento da concesión e pago da axuda sometida á verificación a posteriori. Se ao informe provisional, notificado en todo caso, non se presentasen alegacións durante o período establecido ao efecto, elevarase automaticamente a definitivo, seguindo a tramitación do expediente, ben de arquivo de actuacións, ben incoando expedientes de reintegro e/ou sancionadores.

Artigo 13.- Execución dos controis

1.- As verificacións necesarias para a consecución dos obxectivos do control realizaranse mediante os procedementos establecidos nas normas de auditoría do sector público e demais normativa aplicable.

2.- No exercicio do control deberanse examinar cantos antecedentes, documentación e información sexan necesarios, así como consultar a información contida nos sistemas informáticos de xestión que sexa relevante.

3.- O órgano de control poderá solicitar información con transcendencia para as actuacións de control a toda persoa natural ou xurídica, pública ou privada, diferente da sometida ao seu control, procedendo conforme ás seguinte regras:

a) Cando a petición se efectúe a persoas privadas realizarase por escrito e concederase un prazo non inferior a dez días hábiles para proporcionar a información solicitada.

b) Cando a petición se efectúe no ámbito do sector público realizarase a través dos medios usuais de comunicación entre órganos do sector público.

4.- As actuacións finalizarán coa notificación ao beneficiario ou entidade colaboradora do informe de control financeiro. O devandito informe notificarase á entidade no prazo máximo de doce meses, que se contará desde a notificación do inicio de actuacións. O titular do órgano de control deberá adoptar as medidas necesarias para evitar que non se supere o devandito prazo.

5.- No caso de que se supere o prazo a que se refire o apartado anterior, a proposta do titular do órgano de control ditarase resolución que declare a caducidade e ordene o arquivo das actuacións, que se notificará á entidade con ofrecemento dos recursos que procedan.

6.- As actuacións de control financeiro de subvencións documentaranse e arquivaranse conforme co establecido nas normas de auditoría do sector público e as súas normas de desenvolvemento.

7.- No seu caso, se da realización dos controis financeiros, se aprecia información relevante para outras administracións, locais, autonómicas ou estatais, trasladaráselle documentación ou a información pertinente (proxectos de obra, instalacións, actividades realizadas), en favor dos principios de colaboración e coordinación establecidos na lexislación de réxime común.

Artigo14.- Ampliación do plan anual de auditorías tras evidencias de reintegros parciais ou totais

Cando nun expediente de control financeiro se manifeste unha irregularidade que poida dar lugar a un reintegro total ou parcial e que puido cometerse tamén en exercicios anteriores, o actuario responsable deberá facer constar esta circunstancia para que a Presidencia poida ditar unha resolución pola que se acorde a ampliación do procedemento de control a todas as subvencións percibidas pola entidade beneficiaria sobre as que non se produciron os efectos de prescrición da acción.

Artigo 15.- Obrigación de colaboración no desenvolvemento dos controis

A.- Os beneficiarios de subvencións, obxecto de control financeiro nos expedientes tramitados de forma ordinaria (PO) deberán de pór ao dispor do Negociado de control financeiro e auditoría, como mínimo e no seu caso, a seguinte documentación:

1. Acreditación da representación coa que se actúe, no seu caso, segundo modelo do anexo II desta Ordenanza, achegando fotocopia do DNI.
2. Estatutos e CIF da entidade.
3. Libro de rexistro de socios actualizado.
4. Libros de rexistro de bens e dereitos inventariables.
5. Orixinal das facturas, ou calquera outro xustificante, dos gastos incluídos na relación clasificada de gastos da subvención (certificacións, recibos, nóminas, TC1/TC2). No caso de que na citada relación clasificada figuren ata 10 xustificantes, entregárase ao actuario unha fotocopia de todos eles.
6. Acreditación documental do pago dos gastos subvencionados: extracto bancario dos movementos dos fondos realizados no ano ao que se refire a subvención e no seguinte. Deberán de ter ao dispor dos actuarios os extractos bancarios orixinais e fotocopias deles para a súa entrega que se incorporarán ao expediente.
7. No caso de que financie unha obra, proxecto técnico correspondente, licenza municipal, certificacións de obra, certificados de fin de obra e acreditación documental das modificacións respectivas catastrais e rexistrais. Nestes casos, os actuarios comprobarán materialmente a realización efectiva da obra.

8. No caso de que se financie a compra de bens inmobles, certificación da inscrición rexistral a nome da entidade e nota marxinal na que quede constancia da afección do inmovible a finalidade para que foi concedida a subvención.

9. No caso de que se financie a compra de bens mobles inventariables, albará da súa entrega, inscrición nos rexistros públicos pertinentes e seguros obrigatorios ITV en vigor, como mínimo. Nestes casos, o ben deberase ensinar aos actuarios.

10. No seu caso, modelos fiscais 110,115, 303, 180,190 e 390, ou os equivalentes que no seu momento estean en vigor.

11. Rexistros na contabilidade correspondentes ao exercicio ou exercicios aos que correspondan os xustificantes que figuren na relación clasificada de gastos presentada no momento de concesión da subvención. Rexistro contable da subvención, con expresión do asento contable practicado e do ingreso da subvención na conta bancaria do beneficiario.

12. Libro de actas.

13. Certificado do secretario da entidade na que consten o número das súas contas bancarias, indicando o seu IBAN, data de apertura, e peche no seu caso.

14. No caso de realización de actividades, cursos, xornadas ou calquera outra actividade onde resulten beneficiadas varias persoas, listaxe de persoas asistentes, coa identificación de cada unha delas e acreditación dos controis de asistencia efectuados.

15. Inventario dos bens mobles e inmobles da entidade, no momento actual e no momento da concesión e pago da subvención.

16. No caso de realizar actividades ou investimentos de calquera tipo en dependencias municipais cedidas temporal ou indefinidamente á entidade, deberá xustificar documentalmente que o seu ente titular ten constancia dos investimentos realizados neles.

17. Relación de directivos da entidade, no momento da solicitude, xustificación e cobranza da subvención, e no momento actual, cuxa copia será entregada ao actuario. No caso de que a directiva actual coa que se iniciou a auditoría non coincida coa que exercía as ditas funcións no momento de concesión e pago da subvención obxecto de control, deberá indicar os datos persoais para efectos de notificación para informarlles do procedemento de control aberto co fin de que quede plenamente garantido o principio de audiencia previa.

18. Orixinais de todos os medios empregados para dar publicidade ao obxecto da subvención (carteis, folletos, adhesivos, trípticos ou calquera outro), así como, no seu caso, relación de patrocinadores ou colaboradores indicando a achega de diñeiro ou en especie recibida e a súa correspondente xustificación documental que será entregada ao actuario. No caso de que a entidade só teña un exemplar dos medios

utilizados para a publicidade, entregárase unha fotocopia ao actuário, á vista do orixinal.

B.- Os beneficiarios de subvencións obxecto de control financeiro en expedientes tramitados de forma abreviada (PA) deberán pór ao dispor do Negociado de control financeiro, como mínimo e, no seu caso, a seguinte documentación:

1. Copia cotexada dos xustificantes de gasto que foron declarados na conta xustificativa presentada no seu día para a concesión da subvención (facturas, nóminas, TC-1, TC-2 recibidos de liquidación de axudas de custe ou gastos de desprazamento, certificacións ou calquera outro utilizado). No seu caso, modelos fiscais 110, 115, 303, 180, 190 e 390 ou os respectivos que estean en vigor.

2. Copia cotexada da transferencia ou documento bancario que acredite o pago, ao acredor final, así como do extracto bancario cos movementos de fondos realizados no exercicio ao que corresponde a subvención e do ano seguinte.

3. Orixinais de todos os medios empregados para dar publicidade ao obxecto da subvención (carteis, folletos, adhesivos, trípticos ou calquera outro), así como, no seu caso, relación de patrocinadores ou colaboradores indicando a achega de diñeiro ou en especie recibida e a súa correspondente xustificación documental que será entregada ao actuário. No caso de que a entidade só teña un exemplar dos medios utilizados para a publicidade, entregárase unha fotocopia ao actuário, á vista do orixinal.

Artigo 16.- Informes especiais

1.- Cando no exercicio do control financeiro o órgano de control entenda que os feitos comprobados constitúan infraccións que puidesen dar lugar a responsabilidades penais, laborais ou tributarias emitirá un informe especial.

2.- Cando se trate de controis sobre beneficiarios, o informe especial deberá indicar os seguintes aspectos:

- a) O beneficiario e a referencia aos fondos públicos controlados.
- b) A identificación dos presuntos responsables.
- c) As presuntas infraccións, con descrición dos feitos constatados.

3.- Os informes especiais emitíranse axiña que se teña constancia das posibles responsabilidades, independentemente da emisión do correspondente informe de control financeiro e de que nel se fagan constar os feitos manifestados.

4.- O informe especial remitírase a entidade controlada para os efectos de alegacións.

5.- Transcorrido o prazo de quince días hábiles e se, a xuízo do órgano de control, persistisen as infraccións, o informe, acompañado de copia dos documentos nos que conste a evidencia obtida e das alegacións que realice a entidade, enviaranse aos órganos da administración correspondente, sen prexuízo da continuación das actuacións de control que deron orixe ao informe especial.

6.- Nos supostos en que o órgano de control aprecie que puidesen existir indicios de delito valorará, en función das circunstancias concorrentes, a comunicación inmediata ao Ministerio Fiscal, sen envío previo para os efectos de alegacións.

Artigo 17.-Publicación no BOP e na páxina web da Deputación do resultado do control financeiro

Unha vez finalizada a tramitación dos expedientes do control financeiro do plan anual do exercicio, publicarase no BOP e na páxina web provincial o resultado dos informes (favorables, con observacións, coas propostas correspondentes de sanción e/ou reintegro). Relacionarase o número de expediente, CIF, entidade beneficiaria, obxecto e importe de pago.

CAPITULO III : O REINTEGRO DE SUBVENCÍONS

Artigo 18.- Órganos competentes para tramitar o procedemento de reintegro

A tramitación dos expedientes de reintegro de subvencións derivados dun expediente de control financeiro previo, exercerao os órganos do Servizo de fiscalización e control financeiro, Negociado de Control financeiro e auditoría.

Artigo 19.- Medida cautelar de retención de pagos

Se despois da realización do control financeiro, se incoa expediente de reintegro parcial ou total da subvención, daráselle traslado á Unidade central de Tesourería, para os efectos de, no seu caso, adoptar a medida cautelar de retención de pagos, conforme establece o artigo 35 da LXS.

CAPÍTULO IV: INFRACCIÓN E SANCIÓN EN MATERIA DE SUBVENCÍONS

Artigo 20.-Concreción de condutas por infraccións leves

Ao abeiro do artigo 56.c da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, tipifícanse como infraccións leves as seguintes condutas:

- a) Os pagos realizados en metálico.
- b) O incumprimento das obrigas de publicidade.

Artigo 21.- Gradación das sancións

As sancións polas infraccións graduaranse en cada caso concreto atendendo a:

- a) Comisión repetida de infraccións: entre 10 e 75 puntos.

Ano anterior infracción grave: 50 puntos.

Ano anterior infracción moi grave: 75 puntos.

Segundo ano anterior infracción grave: 40 puntos.

Segundo ano infracción moi grave: 60 puntos.

Terceiro ano anterior infracción grave: 30 puntos.

Terceiro ano anterior infracción moi grave: 50 puntos.

Cuarto ano anterior infracción grave: 20 puntos.

Cuarto ano anterior infracción moi grave: 40 puntos.

b) Resistencia, negativa ou obstrución: entre 10 e 75 puntos.

En todo caso: 75 puntos

c) Utilización de medios fraudulentos: entre 20 e 100 puntos.

Anomalías contables, infracción grave: 40 puntos

Anomalías contables, infracción moi grave: 50 puntos

Facturas falsas ou falseadas, infracción grave: 70 puntos

Facturas falsas ou falseadas, infracción moi grave: 100 puntos

Utilización de persoas que dificulten a comprobación da realidade da actividade subvencionada infracción grave: 20 puntos

Utilización de persoas que dificulten a comprobación da realidade da actividade subvencionada infracción moi grave: 30 puntos

d) Ocultación: entre 10 e 50 puntos.

En todo caso: 30 puntos

Artigo 22.-Sancións por infraccións leves.

1.-Regúlase a gradación de cada unha delas nos puntos seguintes:

2.-Pagos en metálico

INFRACCIÓN: Pagos en metálico	
Total de pagos en metálico	Importe multa
Segundo as bases da convocatoria hasta 500 €	75 €
De 501 a 1000 €	250 €
De 1001 a 1500 €	300 €
De 1501 a 2000 €	600€
De 2001a 2500 €	900€

3.-Incumprimento das obrigas de publicidade

INFRACCIÓN: Incumplimento das obrigas de publicidade	
Orzamento subvencionable	Importe multa
Ata 3.000 €	150€
Ata 5.000 €	200€
Ata 10.000 €	400 €
Ata 20.000 €	600 €
Máis de 20.000 €	900 €

4.-Libros sen legalizar, contas sen aprobar e/ou conta xustificativa inexacta:

Por cada unha das infraccións seguintes, sendo compatibles entre si : INFRACCIÓN 1-Libros sen legalizar INFRACCIÓN 2-Cuentas sen aprobar INFRACCIÓN 3-Cuenta xustificativa inexacta	
Orzamento subvencionable	Importe da multa asociada a cada unha das infraccións
Hasta 4.000 €	75 €
Hasta 8.000 €	150 €
Hasta 16.000 €	300 €
Hasta 32.000 €	600 €
Más de 32.000 €	900 €

5.- Non atender algún requirimento: Falta de achega de probas e documentos requiridos ou negativa á súa exhibición e incumplimento da obriga de colaborar e facilitar documentación

INFRACCIÓN: Art. 61.2 e) y g) -Falta de achega de probas e documentos requiridos ou negativa á súa exhibición. -Incumplimento da obriga de colaborar e facilitar documentación.		
Orzamento subvencionable	Requirimento	Importe multa
Ata 4.000 €	Primero	150€
	Segundo	250€
Desde 4.001€ ata 8.000€	Primero	200€
	Segundo	350€
Desde 8.001€ ata 32.000€	Primero	300€
	Segundo	450€
Máis de 32.000 €	Por cada un	500€

6.-Inexactitude ou omisión dunha ou varias operacións na contabilidade e rexistros legalmente establecidos

INFRACCIÓN: Art.61 2.a) Inexactitude ou omisión dunha ou varias operacións na contabilidade e rexistros legalmente establecidos	
Operación	Importe multa
Inexactitude na contabilización da subvención	200€
Omisión na contabilización da subvención	500€

7.- Incumprimento da obriga de levar a contabilidade ou rexistros legalmente esixidos

INFRACCIÓN: Art.61 2.b) Incumprimento da obriga de levar a contabilidade ou rexistros legalmente esixidos	
	Importe multa
Non levar contabilidade e orzamento mínimo xustificable ata 1.000€	150€
Non levar contabilidade e orzamento mínimo xustificable entre 1.001€ e 2.000€	300€
Non levar contabilidade e orzamento mínimo xustificable entre 2.001€ e 3.000€	600€
Non levar contabilidade e orzamento mínimo xustificable entre 3.001€ e 5.000€	800€
Non levar contabilidade e orzamento mínimo xustificable entre 5.001€ e 9.000€	1.200€
Non levar contabilidade e orzamento mínimo xustificable entre 9.001€ e 15.000€	2.000€
Non levar contabilidade e orzamento mínimo xustificable máis de 15.000€	2.500€
Non levar os libros e rexistros consonte ao previsto no anexo III desta ordenanza	250 €

O réxime e obrigas contables das entidades non lucrativas, enténdese nos termos previstos no **Anexo III** desta ordenanza.

8.- Levar contabilidades diversas

INFRACCIÓN: Art.61 2.c) Levar contabilidades diversas	
Orzamento subvencionable	Importe multa
Ata 4.000€	150 €
Ata 8.000€	750 €
Ata 16.000€	1.500 €
Máis de 16.000€	6.000 €

9.- Utilización de contas con significado distinto ao que corresponde

INFRACCIÓN: Art.61 2.d) Utilización de contas con significado distinto ao que corresponde	
	Importe multa
Entre 1 conta e tres	150 €
Entre 4 e 5 contas	750 €
Máis de 5 contas	1.500 €

10.- O importe das sancións leves impostas a un mesmo infractor por cada subvención non excederá no seu conxunto do importe da subvención inicialmente concedida.

Artigo 23.- Sancións por infraccións graves

1.- O artigo 62 da Lei xeral de subvencións establece que as infraccións graves serán sancionadas con multa pecuniaria proporcional do tanto ao dobre da cantidade indebidamente obtida, aplicada ou non xustificada. Para unha axeitada gradación das devanditas subvencións obxecto de control financeiro establécese o seguinte cadro:

Multa pecuniaria proporcional	
Orzamento subvencionable	Importe multa
Ata 4.000 €	Do tanto da cantidade indebidamente obtida
Ata 8.000 €	Do tanto da cantidade indebidamente obtida + 10%
Ata 16.000 €	Do tanto da cantidade indebidamente obtida + 20%
Ata 32.000 €	Do tanto da cantidade indebidamente obtida + 40%
Máis de 32.000 €	Do dobre da cantidade indebidamente obtida

Artigo 24. – Sancións por infraccións moi graves

1.- No artigo 63 da Lei xeral de subvencións establece que as infraccións moi graves serán sancionadas con multa pecuniaria proporcional do dobre ao triplo da cantidade indebidamente obtida, aplicada ou non xustificada. Para unha axeitada gradación das devanditas subvencións obxecto de control financeiro establécese o seguinte cadro:

Multa pecuniaria proporcional	
Orzamento subvencionable	Importe multa
Ata 4.000 €	Do dobre da cantidade indebidamente obtida
Ata 8.000 €	Do dobre da cantidade indebidamente obtida + 10%
Ata 16.000 €	Do dobre da cantidade indebidamente obtida + 20%
Ata 32.000 €	Do dobre da cantidade indebidamente obtida + 40%
Máis de 32.000 €	Do triplo da cantidade indebidamente obtida

2.- O importe das sancións graves e moi graves impostas a un mesmo infractor por cada subvención non excederá no seu conxunto do triplo do importe da cantidade obtida, aplicada ou non xustificada ou, no caso de entidades colaboradoras, dos fondos indebidamente aplicados ou xustificados.

Artigo 25.- Competencia para a imposición de sancións

Segundo o artigo 66 da LXS “a competencia para impor sancións nas corporacións locais corresponde aos órganos de goberno que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local.”

Órgano competente para a imposición da sanción é a Presidencia da Deputación

Artigo 26.- Procedemento sancionador

- 1) Acordo de inicio coas circunstancias determinantes da infracción detectadas nas actuacións de control financeiro establecidas no art.67.2 da LXS.
- 2) Notificación do acordo ao inculpado e, no seu caso, ao denunciante e demais interesados (órganos directivos da entidade).
- 3) Resolución e notificación desta.
- 4) Execución da sanción.

CAPÍTULO V: COBRANZA DE REINTEGROS,SANCIÓNS E XUROS DE MORA
Artículo 27.- Cobranza dos reintegros, sancións e xuros de mora que poidan derivar de expedientes de control financeiro

Para a súa cobranza será aplicable o réxime xurídico disposto para os ingresos de dereito público no Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, e a tramitación dos expedientes estará a cargo dos Servizos de Xestión Tributaria e Recadación da Tesourería Provincial.

DISPOSICION FINAL.- ENTRADA EN VIGOR

A presente Ordenanza será obxecto de publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, entrando en vigor aos quince días trala súa publicación.

ANEXO I

DEREITOS E OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS DE SUBVENCÍONS SOMETIDOS A UN PROCEDEMENTO DE CONTROL FINANCEIRO
--

I

DEREITOS

(Artigos 35 e 26 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e artigo 48 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións).

- a) Dereito a ser informado e asistido polos funcionarios/as actuantes sobre o exercicio do seu dereito e o cumprimento das súas obrigas.
- b) Dereito a utilizar calquera das linguas oficiais no territorio da nosa Comunidade Autónoma (galego ou castelán).
- c) Dereito a coñecer, en calquera momento, o estado de tramitación do seu procedemento
- d) Dereito a coñecer a identidade das autoridades e persoal ao servizo da Deputación baixo cuxa responsabilidade se tramitan as actuacións de control.
- e) Dereito a solicitar certificación e copia dos documentos por el presentados, así como a obter copia selada dos documentos presentados perante a administración, sempre que se acheguen xunto cos orixinais para o seu cotexo e, dereito á devolución dos orixinais dos devanditos documentos, sempre que non deban constar no expediente.
- f) Dereito a non achegar aqueles documentos xa presentados e que estean en poder da administración actuante.
- g) Dereito, nos termos legalmente previstos, ao carácter reservado dos datos, informes ou antecedentes obtidos pola Intervención provincial, que soamente poderán ser utilizados para o exercicio do control financeiro, servir de fundamento para a esixencia do reintegro e, no seu caso, para pór en coñecemento dos órganos competentes os feitos que puidesen ser constitutivos

de infracción administrativa, responsabilidade contable ou penal (artigo 48 da Lei 38/2003).

- h) Dereito a ser tratado co debido respecto e consideración polo persoal ao servizo da Intervención provincial.
- i) Dereito a que as actuacións que requiran a súa intervención se leven a cabo na forma que lle resulte menos gravosa.
- j) Dereito a formular alegacións e achegar documentos, que serán tidos en conta ao redactar o correspondente informe
- k) Dereito a formular queixas e suxestións en relación ao procedemento seguido e á actuación dos funcionarios.
- l) Dereito a que as manifestacións con relevancia se recollan nas dilixencias que estenda o persoal actuante.
- m) Dereito a obter copia dos documentos que integren o expediente administrativo.
- n) Dereito a que se lle notifique o informe no que se recollan as conclusións do procedemento de control.

II OBRIGAS

(Artigo 46 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións).

- a) Obriga de prestar colaboración cos funcionarios/as que leven a cabo as tarefas de control
- b) Obriga de facilitar tanta documentación se lle requira para realizar as tarefas de control.
- c) Facilitar o libre acceso á documentación obxecto de comprobación, incluídos os programas e soportes informáticos.
- d) Facilitar o libre acceso aos locais de negocio e demais establecementos nos que se desenvolva a actividade subvencionada
- e) Permitir verificar a realidade e regularidade das operacións de financiamento con cargo á subvención.
- f) Permitir a obtención de copias ou a mesma retención das facturas, documentos equivalentes ou substitutivos e de calquera outro documento relativo ás operacións dos que se deduzan indicios da incorrecta obtención, goce ou destino da subvención.
- g) Permitir o libre acceso á información das contas bancarias das entidades financeiras onde se efectuase a cobranza da subvención ou con cargo ás que se poidan realizar as disposicións de fondos.

A negativa ao cumprimento destas obrigas será considerada resistencia, escusa, obstrución ou negativa, para os efectos de apreciar unha posible causa de reintegro dos fondos percibidos, sen prexuízo das sancións que, no seu caso, lle puidesen corresponder.

ANEXO II

MODELO DE REPRESENTACIÓN NO PROCEDIMENTO DE CONTROL FINANCEIRO

D./D^a..... con DNI núm..... e domicilio para os efectos de notificacións en....., na súa calidade de presidente/a da entidade..... á que lle foi concedida a subvención para realizar (obxecto)..... pola Deputación da Coruña.

De conformidade co artigo 32 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común,

OUTORGA A REPRESENTACIÓN a D./D^a..... con DNI núm..... e domicilio para os efectos de notificacións en..... para que realice no seu nome e representación cantas actuacións fosen necesarias no procedemento de control financeiro da subvención arriba indicada, incluído asinar actas, contestar a requirimentos, presentar recursos e desistir de accións.

A Coruña,.....de de 20....

O/A OUTORGANTE
(selo e sinatura)

O/A REPRESENTANTE

ANEXO III

RÉXIME E OBRIGAS CONTABLES DAS ENTIDADES NON LUCRATIVAS

A Deputación Provincial da Coruña ten unha especial relación coas numerosas entidades non lucrativas que teñen o seu domicilio ou realizan a súa actividade na provincia, dado que moitas delas son beneficiarias de subvencións no ámbito cultural, deportivo, social, de axuda ao desenvolvemento ou de promoción económica. Por esta razón, considerou necesario emitir a presente nota, para que todas elas poidan cumprir adecuadamente coa obriga de levar a contabilidade nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como coas normas específicas de cada convocatoria de subvencións (art. 14.1 f da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións).

Coa finalidade indicada, na presente nota preténdese sistematizar a normativa vixente reguladora das obrigas contables das entidades non lucrativas, especialmente unha vez que entrou en vigor a Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, que a pesar da súa recente publicación, xa sufriu unha modificación que afecta a esta materia (nova redacción dada ao artigo 124.3 polo Real decreto lei 1/2015, do 27 de febreiro).

Tendo en conta a dita lei, así como as disposicións contables vixentes para entidades non lucrativas (R.D. 1491/2011, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan xeral de contabilidade ás entidades sen fins lucrativos, e Resolución do ICAC do 26 de marzo de 2013, polo que se aproba o Plan de contabilidade de pequenas e medianas entidades sen fins lucrativos), e tamén a normativa sectorial aplicable que se citará en cada caso, pódese facer o seguinte resumo:

1º.- Fundacións e asociacións declaradas de utilidade pública:

Por disposición expresa do artigo 3 do R.D. 1491/2011, estas entidades deben levar a súa contabilidade de acordo coas ditas normas; no entanto, poderán aplicar o Plan de contabilidade de pequenas e medianas entidades, aprobado por Resolución do ICAC do 26 de marzo de 2013 (BOE número 85, do 9 de abril de 2013), se na data de peche de cada exercicio cumpren, polo menos, dúas das circunstancias seguintes:

- a) Que o total das partidas do activo non supere os dous millóns oitocentos cincuenta mil euros.
- b) Que o importe neto do seu volume anual de ingresos non supere os cinco millóns setecentos mil euros.
- c) Que o número medio de traballadores empregados durante o exercicio non sexa superior a cincuenta.

Mesmo na aplicación deste plan, aquelas entidades cuxo activo e o seu volume de ingresos non superen os 150.000 euros e non dispoñan de máis de cinco traballadores empregados, poderán acollerse aos criterios específicos de microentidades sen fins lucrativos (Norma terceira da Resolución do 26 de marzo de 2013).

Levar a adaptación do Plan xeral de contabilidade, ben sexa na súa versión xeral ou o correspondente a pequenas e medianas entidades, tamén se impón ás **fundacións de interese galego** creadas e reguladas ao amparo da Lei 12/2006, por aplicación da Disposición adicional cuarta da devandita lei.

Levar a contabilidade segundo este plan supón, en definitiva, a realización de asentos cronolóxicos nun Libro Diario segundo a técnica da partida dobre e a formulación posterior das Contas anuais correspondentes a cada exercicio, integradas polo balance, a conta de resultados e a memoria (na que as entidades que sigan a versión xeral do plan han de incorporar información sobre os fluxos de efectivo). Unha vez formuladas, as Contas anuais han de ser sometidas a aprobación da asemblea e depositadas no rexistro correspondente.

Desde un punto de vista fiscal, a maior parte destas entidades estarán acollidas ao réxime tributario regulado na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal de entidades sen fins lucrativos e de incentivos ao mecenado, polo que están obrigadas a presentar declaración do imposto sobre sociedades, tanto polas rendas exentas como non exentas (art. 13).

2º.- Restantes asociacións (sen declaración de utilidade pública):

Con carácter xeral, as restantes asociacións constituídas ao abeiro da Lei orgánica 1/2002, que non dispoñan da declaración de utilidade pública, están suxeitas ás obrigas contables dispostas no artigo 14 da devandita lei, no que se dispón que *“deben levar unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como as actividades realizadas, efectuar un inventario dos seus bens e recoller nun libro as actas das reunións dos seus órganos de goberno e representación. Deberán levar a súa contabilidade conforme as normas específicas que lles resulten de aplicación.*

Dada a falta de concreción do precepto, no que só se recollen principios máis que normas concretas de aplicación contable, deberá interpretarse en función das operacións que levan a cabo, distinguindo entre aquelas entidades que obteñen ingresos pola realización dalgunha actividade económica, daquelas outras que non realizan actividade económica e só se financian con cotas de socios e subvencións, porque precisamente este matiz marcará o diferente grao das obrigas contables.

a) Asociacións que non realizan actividade económica ningunha:

Se a entidade só rexistra ingresos propios da súa actividade non lucrativa (cotas de socios, subvencións e donativos), **non resultará afectada polas esixencias contables derivadas da nova Lei 27/2014, do imposto sobre sociedades**. En tal caso, a súa contabilidade pode cingirse ás seguintes obrigas:

- **Levar o Libro diario**, isto é, un rexistro por orde cronolóxica de ingresos e gastos, debidamente dilixenciado polas persoas titulares da Presidencia, Secretaría e Tesourería.
- **Liquidación anual**, determinando o resultado do exercicio (déficit ou superávit). Esta liquidación ha de someterse á

aprobación da asemblea de socios, deixando constancia expresa do acordo adoptado, facendo constar na acta as principais magnitudes.

- **Libro Inventario de Bens e Dereitos:** No que se detalle cada un dos bens ou dereitos dos que é titular a entidade, rexistrando as altas e baixas que se van producindo. Recollerase neste Libro ou rexistro os saldos de contas bancarias e efectivo. As modificacións ou rectificacións anuais serán aprobadas tamén pola asemblea de socios, deixándose constancia na acta e no propio libro, mediante dilixencia estendida pola persoa titular da secretaría.

Estes documentos, aínda que non se confeccionen seguindo o Plan contable adaptado a entidades non lucrativas nin a técnica da partida dobre, serán suficientes para recoller a situación económico-patrimonial e financeira da entidade.

Tamén poderán acollerse a este réxime contable aquelas entidades que, aínda percibindo algunha renda suxeita ao imposto sobre sociedades (rendementos de capital mobiliario, alugueiros), cumplan o tres requisitos establecidos no artigo 124.3 LIS para non estar obrigados a presentar declaración por este imposto, a saber:

- Que os seus ingresos totais non superen os 50.000 euros anuais.
- Que os ingresos correspondentes a rendas non exentas non superen os 2.000 euros.
- Que todas as rendas non exentas que obteñan estean sometidas a retención.

Realmente, este réxime só será aplicable para aquelas entidades que non emitan factura ningunha (a non ser que esta sexa en concepto de alugueiro dun inmovible), dado que se se presta un servizo polo que haxa que facturar xa non se cumpriría co terceiro dos requisitos.

b) Asociacións que si realizan algunha actividade económica:

Cando as asociacións perciban rendas derivadas de actividades económicas (a non ser que cumplan o tres requisitos enunciados no apartado anterior), estarán obrigadas a presentar declaración do imposto sobre sociedades, tal como establece o artigo 125 da Lei do imposto sobre sociedades. Por tanto, impónselles as obrigas contables establecidas no artigo 120 da lei, isto é, levar a contabilidade de acordo co disposto no Código de Comercio ou co establecido nas normas polas que se rexen. Para o caso de asociacións, as obrigas contables serán as establecidas no apartado 1º da presente nota.

Segundo o establecido no artigo 120.1 da Lei do imposto, levar a contabilidade ha de permitir identificar os ingresos e gastos correspondentes ás rendas exentas e non exentas.

3º.- Entidades deportivas:

Segundo o establecido no artigo 43.1 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, as entidades deportivas deberán levar uns libros de contabilidade, susceptibles de xustificar a exactitude das operacións económicas realizadas e que reflectan a imaxe fiel do seu patrimonio.

O precepto citado ten certo paralelismo co que regula as obrigas contables das asociacións, polo que tamén se caracteriza pola súa falta de concreción. Por iso, ante tal similitude, ben se pode aplicar a distinción realizada anteriormente con respecto ás asociacións, resultando de distinto grao as obrigas contables dos clubs que si puidesen realizar algunha actividade económica daqueles outros que non a realizan e só se financien coas cotas dos seus asociados, subvencións e donativos. **Os primeiros terán que seguir a adaptación do Plan xeral de contabilidade para entidades non lucrativas, mentres que os segundos cumprirán co principio de imaxe fiel do patrimonio se, polo menos, elaboran a información contable segundo as indicacións expostas no apartado 2º a).** A título de exemplo bastante común, hai que aclarar que aqueles clubs que perciben ingresos derivados de patrocinios ou venda de publicidade, ao tratarse dunha prestación de servizos, están obrigados a emitir factura por tal concepto, polo que deberán levar contabilidade segundo o Plan adaptado a entidades non lucrativos que lles corresponda e, por suposto, realizar a declaración do imposto sobre sociedades.

Trato especial neste apartado merecen as federacións deportivas galegas, ás que se aplica a Resolución do 23 de maio de 2011 da Secretaría Xeral para o Deporte (DOG número 106, do 3 de xuño de 2011). En virtude da devandita resolución, estas entidades están obrigadas a aplicar o Plan xeral de contabilidade aprobado por R.D. 1514/2007, do 16 de novembro, ou o Plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas e os criterios específicos para microempresas aprobados por R.D. 1515/2007, da mesma data. Ademais deberán legalizar os seus libros dentro dos catro meses seguintes á finalización do seu exercicio económico no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, órgano perante o que han de presentar as súas contas, unha vez aprobadas e asinadas por todos os membros do órgano de representación, no mes seguinte á súa aprobación e, en todo caso, antes do 30 de xullo de cada ano. Complementariamente, aquelas federacións que resulten obrigadas conforme o Plan de auditorías aprobado pola administración deportiva, deberán achegar un informe de auditoría.

En virtude de todo o exposto anteriormente, a Deputación da Coruña, no exercicio do control financeiro de subvencións, velará pola correcta aplicación destas normas contables e sancionará, segundo o disposto na Lei xeral de subvencións, ás entidades que incorran nalgún incumprimento.

44.-MODIFICACIÓN DAS BASES PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS TRIBUTARIOS AOS CONCELLOS DA PROVINCIA.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP e PSOE e a abstención do BNG, acorda:

“1) Modificar o texto das Bases terceira e oitava para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia no sentido seguinte:

Base TERCEIRA.- CONTIDO E ALCANCE DA DELEGACIÓN

Punto 2. Contido opcional

Engadir como sétimo punto a seguinte competencia:

- “A liquidación, recadación e revisión tanto en período voluntario como en período executivo dos ingresos de Dereito Público resultantes da instrución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados do control financeiro, realizado pola Deputación como consecuencia da delegación desta función”.

Base OITAVA.- VIXENCIA DA DELEGACIÓN

Engadir un último parágrafo nos seguintes termos:

- “A delegación da liquidación, recadación e revisión tanto en período voluntario como en período executivo dos ingresos de Dereito Público resultantes da delegación do control financeiro dos concellos e a correspondente instrución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados destes estará vixente mentres o estea a dita delegación do control financeiro na Deputación e en tanto non se culminen os porcedementos de recadación afectados”.

2) Para proceder a delegar as competencias propostas seguirase o procedemento de delegación previsto na Base novena das Bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia.”

45.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 5 REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS TRIBUTARIOS, APARTADO D.1) NO ARTIGO 6.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP e PSOE e a abstención do BNG, acorda:

“Aprobar a modificación da ORDENANZA FISCAL Nº 5 REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS TRIBUTARIOS, apartado d.1) no artigo 6, coa seguinte redacción:

d.1) No caso de que a Deputación asuma a instrución e, a recadación voluntaria e executiva das sancións municipais de tráfico ou dos reintegros e sancións derivados de expedientes de control financeiro:

O **12,5%** do importe recadado por estes conceptos en período voluntario.

O **25%** do importe recadado por estes conceptos en período executivo.

O acordo adoptado, exporase ao público, no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia segundo establecen os artigos 49.b da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local e o art. 17 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Se non se producen reclamacións contra este, de conformidade co sinalado no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, o acordo de modificación da Ordenanza fiscal Nº 5 reguladora da taxa por prestación de servizos tributarios entenderase definitivo, publicarase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación.

Se se producen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o Acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva da Ordenanza así como a data a partir da cal rexerá, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o establecido no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

ACTUACIÓN DE CONTROL ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Requeira Varela

Entrou por Rexistro desta Administración un escrito da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración, onde solicitan que se atendan varias consideracións que eles fan ao respecto para mellorar a calidade, e tamén o proxecto en si, que é o décimo premio de Banda Deseñada Castelao. Eles fan unha serie de suxestións, fan unha serie de apuntamentos sobre os prazos de presentación de obras, etc., etc., que consideramos que atendéndose ou falando con eles, poderían incluso mellorar esa convocatoria. Polo tanto, rogamos que se lle atenda a petición que rexistraron e a ver a que conclusións se pode chegar nesa reunión.

Sr. Presidente

Moi ben, non teño coñecemento, pero sen ningún problema, que se pase ao departamento de Cultura, e se se poden incorporar esas propostas, desde logo que se fagan.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e vinte e sete minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.